

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2017/02

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 23 de marzo de 2017

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **23 de marzo de 2017** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández.

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE DATA 24 DE XANEIRO DE 2017.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.-EXPEDIENTE Nº 4174/2016 PARA TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA DO PSG-PSOE DONA CRISTINA LOSAS SORIA.

Por Secretaría se da cuenta de que se recibió la credencial de doña Cristina Losas Soria (concejala electa del Partido de los Socialistas de Galicia-PSOE) y por la misma se han formulado las declaraciones correspondientes al Registro de Intereses y de incompatibilidades, por lo que puede tomar posesión de su cargo.

A continuacion, por la Alcaldia-Presidencia se le indica que puede tomar posesión del cargo de concejala, procediendo doña Cristina Losas Soria a formular promesa conforme a lo dispuesto en el R.D. 707/1979, e incorporándose de pleno derecho a la Corporación Municipal.

3.-EXPEDIENTE Nº 831/2017 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO HOSPITAL ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO (BOP DE LUGO Nº.33 DE 10/02/2009)

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión que se transcribe:

“ Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interior da residencia municipal Hospital-Asilo San Sebastián e San Lázaro, que figura no expediente.

Considerando que a necesidade da nova redacción se orixina pola solicitude formulada por dona Noelia del Carmén Castrillo López como directora da residencia municipal “Hospital-Asilo San Sebastián y San Lázaro” de data 21/12/2016

Considerando que a necesidade da nova redacción procede á súa vez da obriga de adaptación do texto da Ordenanza reguladora, neste caso o Regulamento de Réxime Interior da residencia municipal Hospital-Asilo San Sebastián e San Lázaro.

Visto o informe emitido polo traballador social municipal en data 08/03/2017

Visto o informe emitido por Secretaría obrante no expediente.

Despois de examinar o expediente tramitado, enténdese que procede realizar unha nova redacción do texto de acordo co exposto.

Esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. – Aprobar con carácter provisional a modificación do Regulamento de Réxime Interior da residencia municipal Hospital-Asilo San Sebastián e San Lázaro.

Segundo.- Aprobar con carácter provisional a nova redacción do artigo 8 do Regulamento que quedará do seguinte xeito:

Onde di:

Art. 8.- Réxime interior.

Horarios:

-Xexún 9.30 hs. Misa(voluntaria) 9.00 hs.

-Xantar 14.00 hs.

-Cea 20.00 hs.

Horario de visitas:

O horario de visitas é libre exceptuando as horas das comidas e pola noite, salvo caso de necesidade ou que ocorra algunha circunstancia especial, efectuándose nembargantes dentro das seguintes franxas horarias:

Pola mañá: De 10,00 h. a 13,30 h. Pola tarde: De 16,00 horas a 19,30 horas.

Réxime de saídas:

Libre , respectando os horarios das comidas. Dende as 10,00 ás 21.00 horas.

Garántese a comunicación co exterior tanto telefonicamente como por correspondencia.

Comunicación e información do centro ó representante legal e ou familiares do usuario (Teléfono, carta, reunións...)

Gastos sanitarios: os usuarios faranse cargo dos gastos que non sexan cubertos pola Seguridade Social.

Os armarios contarán con chave para a custodia dos enseres persoais dos usuarios.

Está prohibido o almacenamento de alimentos e bebidas alcohólicas nas habitacións.

-Está prohibido fumar dentro da Residencia.

Pasará a dicir

Art. 8.- Réxime interior.

Horarios:

-Almorzo 9.30 hs. Misa(voluntaria) 9.00 hs.

-Xantar 14.00 hs.

-Cea 20.00 hs.

Horario de visitas:

De 16,00 horas a 19,00 horas.

Réxime de saídas:

Libre , respectando os horarios das comidas. Dende as 10,00 ás 21.00 horas.

O residente ou quen o acompañe nas saídas deberá asinar o libro de rexistro de saídas.

Garántese a comunicación co exterior tanto telefonicamente como por correspondencia.

Comunicación e información do centro ó representante legal e ou familiares do usuario (Teléfono, carta,reunións...)

Gastos sanitarios:

Os usuarios faranse cargo dos gastos que non sexan cubertos pola Seguridade Social.

Os armarios contarán con chave para a custodia dos enseres persoais dos usuarios.

Está prohibido o almacenamento de alimentos e bebidas alcohólicas nas habitacións.

Está prohibido fumar dentro da Residencia.

Terceiro.- Aprobar con carácter provisional a inclusión dun ANEXO III, que regularía a PRAZA DE EMERXENCIA-RESPIRO e que quedará do seguinte xeito:

ANEXO III

PRAZA DE EMERXENCIA-RESPIRO TEMPORAL.

Beneficiarios.

Poden acceder a este servizo as persoas maiores de 65 anos que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Que a persoa coidadora non lle poida prestar ó ancián a atención idónea por causa dunha enfermidade, un accidente o una intervención cirúrxica.

b) Que a persoa beneficiaria viva soa e precise dun período de convalecencia despois dunha enfermidade, un accidente ou unha intervención cirúrxica.

c) Necesidade dun período de descanso da persoa coidadora para evitar unha situación

de esgotamento físico ou psíquico.

Requisitos:

- Ser maior de 65 anos.
- Ter residencia efectiva no Concello de Ribadeo e estar empadroado aquí desde fai máis de 2 anos.
- Non estar afectado por enfermidade en estado agudo nin se atopen en fase terminal.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa, trastornos mentais ou de conduta graves e non compensados que poidan alterar a convivencia.
- Efectuar a oportuna solicitude e o pagamento do prezo estipulado nas condicións que se lle indiquen.

Prezo da praza:

Establécese un prezo mensual de 1.100 €/mes, (36,66 €/día)

Prazo e lugar de presentación das solicitudes:

As solicitudes presentaranse no rexistro de entrada do Concello cun mes de antelación á data para a que se solicita a quenda, agás situacións de emerxencia sobrevidas (enfermidade, accidente do coidador ou similares) e debidamente xustificadas.

Documentación:

- Copia compulsada do DNI/NIE do solicitante ou calquera outro documento acreditativo da súa identidade, de conformidade coa normativa vixente.
- Última declaración do imposto da renda das persoas físicas, certificado de toda a clase de pensións percibidas ou declaración xurada de non percibilas.
- Informe médico relativo ao solicitante segundo o modelo que o SERGAS establece no IANUS.
- Informe social, relativo ó solicitante e ós motivos que dan lugar a solicitude deste servizo.

Acceso á praza:

A comisión de ingresos da residencia á vista da documentación presentada ou requirida e da dispoñibilidade de praza, resolverá as solicitudes e notificará a resolución ás persoas interesadas, indicándolle ás que resulten beneficiarias que deben confirmar se continúan interesadas na súa ocupación, xunto coa dirección e teléfono do centro para que confirmen cal é a roupa que teñen que levar, a medicación habitual, os accesorios, o xeito de formalizar o pagamento etc.

Cuarto.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Rematado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou regulamento publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

O Sr.Alcalde toma a palabra e explica que tanto este punto como outro relativo á parte económica que vai noutra comision informativa son consecuencia do escrito presentado pola concelleira encargada da xestión do Hospital Asilo.

O concelleiro do Grupo Municipal Popular Sr. Suárez García refírese á introducción de alimentos na Institución por parte das familias que deberá restrinxirse ou en todo caso controlarse porque pode dar lugar a problemas de intoxicacións, etc. O Alcalde tamén, en relación a este tema sinala a cuestión dos excedentes que ás veces fan chegar diversos colectivos, indicando que haberá que miralo.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía resulta aprobada por sete votos a favor dos membros dos Grupos do BNG,PP e Mixto e unha abstención da concelleira do PSG-PSOE, ditaminándose, en consecuencia favorablemente a mesma para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

Intervén a concelleira Sra. González Ginzo, do PSG-PSOE que manifesta que se pasa de ter sete horas de visita a nada mais tres e que lles parece desproporcionado porque haberá xente que non traballe e non poida acudir pola tarde, polo que propoñen unha hora ou hora e media mais polas mañás.

O concelleiro do Grupo Popular Sr. García Suárez manifesta que están de acordo e que lles parece moi ben reflexada polo traballador social.

O Sr.Alcalde manifesta que todos os acordos de modificación de ordenanzas son provisionais e teñen que ir a exposición pública polo que se poderá aportar ou alegar o que se considere procedente.

Sometido a votación, a Corporación en votación ordinaria por quince votos a favor (dos membros dos Grupos BNG, PP e mixto) e dous en contra (dos membros do Grupo Socialista) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

4.-EXPEDIENTE Nº. 649/2017 RELATIVO A MODIFICACION DA ORDENANZA P1 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO (BOP NÚMERO 33 DE 10/02/2009).

Dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Por Secretaría dase conta da Proposta da Alcaldía obrante no expediente, que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación da ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

A orixe da modificación, como se recolle na providencia de Alcaldía de 24/02/2017, radica na solicitude formulada por dona Noelia del Carmén Castrillo López como directora da residencia municipal "Hospital-Asilo San Sebastián y San Lázaro" de data 21/12/2016 NRE 2016-E-RC-14497, relativa ao posible incremento do prezo público que se cobra aos usuarios e ao establecemento dunha nova tarifa para o suposto de "praza de emerxencia" que propón que se fixe en 1.000,00 euros.

Visto o informe emitido polo traballador social municipal en data 08/03/2017 que, en aplicación do disposto no artigo 3 do REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR do hospital-asilo aprobado definitivamente polo pleno municipal na sesión de 19 xaneiro de 2009, propón a actualización dos prezos actuais en función da variación do IPC galego entre 2009 e 2017, prazo no que non foron modificados, e que suporía a seguinte variación:

| Tipo de praza | Prezo ano 2009 | Prezo ano 2017 |
|----------------------------|----------------|----------------|
| Praza residente válido | 600,00 € | 668,40 € |
| Praza residente dependente | 800,00 € | 891,20 €" |

Considerando que á súa vez, no citado informe, se propón tamén a fixación dun prezo específico para "praza de emerxencia/respiro TEMPORAL", de 1.100,00 €/mes ou 36,66 €/día, en función do regulado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para supostos similares, atendendo á inquedaanza recollida na solicitude formulada por dona Noelia del Carmén Castrillo López

Vistos o informe de reparo 028/2017 emitido pola intervención municipal en data 09/03/2017, que se basea esencialmente para a formulación das desconformidades na situación do servizo do hospital-asilo e a súa xestión xa que non se axusta á lexislación contractual, na recadación do prezo público e en menor medida no procedemento para a fixación da nova tarifa de respiro.

Considerando que o HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO é unha institución cunha orixe que se remonta aos anos 30 do século pasado, e que dende os seus inicios estivo xestionada por entidades de natureza relixiosa sen ánimo de lucro, circunstancia que deu lugar a que os seus prezos sempre tiveran un importe baixo e asequible para os veciños de Ribadeo e da súa contorna, con independencia da súa capacidade económica.

Tendo en conta ademais que, ata o exercicio 2009 xa co actual goberno, ningunha corporación municipal deste concello adoptou medida algunha para reconducir a situación, e tratar de adecuar a especial condición do asilo á realidade actual. Deste xeito no citado 2009 foi aprobada a ordenanza reguladora do prezo público que se atopa vixente, e foi aprobado tamén o regulamento de réxime interior da institución, que cando menos permitiron dar unha mínima cobertura xurídica ao seu funcionamento.

Tendo claro que, malia o sinalado, evidentemente a xestión actual do asilo municipal non se adecúa ás esixencias da lexislación de contratos, como sinala o interventor, pero tendo en conta tamén que nos atopamos xusto neste intre nunha situación excepcional, cun novo centro de atención a maiores en pleno proceso de construción e dotación para a próxima apertura, o que orixinará un drástico cambio na situación, e que esixe non adoptar momentaneamente decisións transcendentales sobre o servizo.

Deste xeito, a intención municipal é, por suposto, que o asilo siga en funcionamento ao abrir a nova instalación, pero nese momento, coa cobertura do novo equipamento, serán menos traumáticas as decisións que podan adoptarse no tocante á súa xestión e finalidade, que quizais deba enfocarse á atención de usuarios válidos, polo seu carácter céntrico, e consecuentemente rebaixar o número de prazas para adecuarse á realidade das instalacións e ao espazo limitado que teñen.

Tamén, tanto pola Alcaldía como pola concellería delegada de saúde e servizos sanitarios, en estrita colaboración coa actual entidade xestora do asilo, se tratará de implementar tódalas suxestións e medidas que polos servizos técnicos e xurídicos se realicen en aras a mellorar a situación do servizo dentro do posible.

Considerando no entanto que, para que poda seguir funcionando cunha mínima normalidade, é preciso adaptar os prezos públicos que se cobran pola prestación do servizo de residencia no Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro do Concello de Ribadeo, que permanecen inalterados dende 2009, data en que foron fixados, e que tamén sería conveniente establecer o servizo de respiro a que se refire o traballador social no seu informe, coa circunstancia de que malia a suba tódolos importes propostos se atopan por debaixo dos establecidos por outras residencias da Mariña, como se recolle no Anexo I do citado informe.

Tendo en conta a seguinte normativa aplicable ao caso:

- Os artigos 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Os artigos 24 ao 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.
- Os artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a modificación da ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA P1 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESIDENCIA NO HOSPITAL-ASILO DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO DO CONCELLO DE RIBADEO

ARTIGO 4. Contía

A contía dos dereitos a percibir polo prezo público será a seguinte:

- Residentes válidos: 668,40 €/mes
- Residentes inválidos: 891,20 €/mes
- Praza de emerxencia/respiro TEMPORAL: 1.100,00 €/mes ou 36,66 €/día

En ningún caso a achega do usuario con cargo á súa pensión, excederá do 90 % do importe desta, tanto para válidos como para inválidos

Os prezos actualizaranse cada ano co IPC galego, segundo designe o Instituto Galego de Estatística (IGE)

Segundo.- Expor ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza, durante o prazo de trinta días, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, entrando en vixencia de acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.”

O Sr.Alcalde explica brevemente o contido da proposta.

Por parte do Concelleiro do Grupo Popular Sr.Estevez Fernández refírese ao informado pola Intervención respecto da inadecuación da xestión do asilo á lexislación de contratos e manifestándose no senso de que o seu Grupo vai votar en contra.

Polo Grupo Mixto a Concelleira Sra.Saiz García manifesta que se vai abster.

Por parte da Concelleira do Grupo Socialista Sra.González Ginzo indícase que as contas parece que non están moi claras e que non debería, en todo caso, repercutirse a subida proposta, do 11 por cento, aos pensionistas que contan con pensións pequenas, que pensa que é un grave erro e vai propór que se cree unha Comisión de estudio para ver si realmente é necesaria a subida.

O Sr.Alcalde indica que está cos mesmos prezos dende o ano 2009 e que incluso houbera, daquela cando se aprobou unha enmenda do Grupo Popular. Que non se trata de inventar nada e que probablemente se tería que subir con anterioridade os prezos pouco a pouco, con menos importe aínda que tamén se suscitaría debate, pero que agora así o precisan as monxas e por iso se trae ao Pleno.

Promóvese deliberación entre o Sr.Alcalde e a concelleira do PSG-PSOE sobre a xestión do Hospital Asilo intervindo tamén o Concelleiro do Grupo Popular Sr.Estevez Fernández que volve referirse ao informe de Intervención e á xestión do Hospital Asilo.

O Sr.Alcalde incide en que é coñecedor de todo o que se informa pero que nestes momentos é unha decisión que teñen que tomar para manter un servizo que cre necesario e que se está prestando aos veciños de Ribadeo e que él, dende logo, non o vai deixar caer posto que aínda que con algunhas irregularidades é bo.

Novamente intervén o concelleiro Sr.Estevez Fernández para debater sobre a xestión que se leva a cabo no Hospital Asilo e a preguntas do Sr.Alcalde sobre si considera boa ou mala a xestión da congregación que o rexe indica que lle parece boa, continuándose cunha deliberación sobre as políticas sociais do Concello en relación ao Hospital asilo e á nova residencia de maiores que está prevista abrir.

Intervén tamén o Concelleiro delegado de facenda, Sr. Castro Reigosa, para incidir nos investimentos que fai o Concello no Hospital Asilo e o Sr.Alcalde reitera que non van permitir que se vaia a congregación pese aos reparos que se fan pola Intervención, agás que sexa de xeito voluntario, e incide tamén en que o Concello como propietario do inmovible contribúe en gran medida con outras aportacións para diferentes cuestións o que tamén é política social.

Rematada a mesma, a Comisión Informativa por cinco votos a favor (dos membros do BNG) dous votos en contra (dos membros do Grupo Popular) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Mixto -Cidadáns- e do Grupo Socialista) acórdase ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía para a súa elevación ao Pleno municipal."

Intervén a concelleira do Grupo mixto-Cidadáns-Sra.Saiz García que manifesta que segue estando en desacordo xa que afecta á poboación máis vulnerable e que o seu voto vai ser en contra.

A concelleira Sra. González Ginzo, do PSOE refírese ao informe de Intervención, como xa dixo o outro día, que é bastante claro e extenso e que como se dí no mesmo cando se trata de prezos públicos para cuestións sociais non pasa nada porque haxa déficit, sinala que non están nada claras as contas e entenden que é demasiado precipitada a decisión, que se podería facer unha comisión para estudar máis polo miúdo o asunto e sentarse a falar e intentar buscar unha solución. Por suposto tampouco queren que se vaia a congregación pero propoñen unha comisión de estudio e sinala que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Intervén de seguido o concelleiro do Grupo Popular Sr. García Suárez que manifesta que neste punto coinciden co resto de compañeiros e se ben están de acordo co informe presentado polo traballador social que sinala que os prezos son os mais baixos da zona, tamén lles parece que esta subida de golpe é para economías máis prexudicadas e que o IPC debería subirse antes pouco a pouco.

No tema das contas hai apartados que cando menos non se corresponden moito cun servizo de atención ou non lo teñen claro ou non se explicou ben. Se tiveran mais información poderían mirarlo doutra maneira. Parécelles precipitado traerlo ao Pleno de hoxe.

Por parte do Grupo de goberno intervén a concelleira de servizos sociosanitarios para manifestar que o que se trata é de que a residencia sexa sostible e recalca, no tocante á suba, que é atendida calquera persoa sexa cal sexa a súa pensión. Recalca tamén o que dí a Ordenanza que en ningún caso superará a aportación mais do 90% da pensión.

Continúa a deliberación nun segundo turno de intervencións insistíndose por parte dos portavoces do PSG-PSOE e PP nas contas aportadas e sulíñando que debería estudiarse con

mais calma para aclarar estas cuestións e que se podería mirar con mais tranquilidade.

O Sr. Alcalde intervén de novo e indica que xa o miraron con calma, que se convocou a Comisión Informativa con tempo suficiente e que o goberno ten que tomar decisións. Reitera o dito pola concelleira delegada sinalando que hai asilados que pagan 300 e pico euros e efectúa unha comparativa dos prezos actuais do Hospital Asilo cos que hai noutras residencias dos arredores.

Rematada a deliberación, a Corporación en votación ordinaria acorda, por dez votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e sete votos en cotnra (dos membros dos Grupos Popular, Socialista e Mixto), prestar aprobación ao ditame da Comisión transcrito anteriormente nos seus propios termos.

5.-EXPEDIENTE N.º 663/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DURANTE O EXERCICIO 2016 E INFORME XUSTIFICATIVO DA ALCALDÍA.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa:

“Dase conta do informe de reparos da Intervención municipal obrante no expediente que se transcribe a continuación así como do informe xustificativo da Alcaldía que tamén se transcribe:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento do disposto no artigo 218.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítase o seguinte

INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ROF

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ORZAMENTARIAS:

PRIMEIRO: O artigo 218.1 do TRLRFL, sinala que **o órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.** Devandito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.

O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

SEGUNDO: O apartado terceiro do citado artigo sinala tamén que o órgano interventor **remitirá anualmente ao Tribunal de Contas** todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local

Segundo a “Instrución que regula a remisión ao Tribunal de Contas da información sobre acordos e resolucións do Pleno, da Xunta de Goberno Local e do Presidente da Entidade Local contrarios a reparos formulados polos Interventores locais e as anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre os acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, a través dun procedemento telemático”, publicada no BOE de 17/07/2015, a remisión debe realizarse con anterioridade ao 30 de abril do exercicio seguinte ao que se refiran os reparos.

TERCEIRO: En cumprimento do anterior, recóllese no presente informe unha relación dos reparos efectuados por escrito polo que subscribe, fronte aos que foron adoptadas resolucións polo Presidente/Pleno da Entidade Local contrarias aos mesmos, así como os relativos a anomalías en materia de ingresos:

- REPARO 2016-0001 [Informe de Intervención axuda conciliación I.S IR 001/2016] Exp. 1999/2015
- REPARO 2016-0002 [Informe de Intervención nóminas xaneiro IR 002/2016] Exp. 4396/2015
- REPARO 2016-0003 [Informe de Intervención relación de facturas 01/2016 IR 003/2016] Exp. 338/2016
- REPARO 2016-0004 [Informe de Intervención relación facturas domiciliadas xaneiro 2016 IR 004/2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0005 [Informe de Intervención relación facturas 02/2016 IR 005/2016] Exp. 405/2016
- REPARO 2016-0006 [Informe de Intervención relación facturas 03/2016 IR 006/2016] Exp. 472/2016
- REPARO 2016-0007 [Informe de Intervención Contratación persoal Baños As Catedrais (limpeza e cobro prezo publico) 2016 IR 007/2016] Exp. 377/2016
- REPARO 2016-0008 [Informe de Intervención relación de facturas 04/2016 IR 008/2016] Exp. 619/2016
- REPARO 2016-0009 [Informe de Intervención subvención concorrencia 2014 Cub Altruán IR 009/2016] Exp. 339/2016
- REPARO 2016-0010 [Informe de Intervención nóminas febreiro 2016 IR 010/2016] Exp. 289/2016
- REPARO 2016-0011 [Informe de Intervención pagamento a xustificar compra rodas motobomba IR 011/2016] Exp. 716/2016
- REPARO 2016-0012 [Informe de Intervención contratación condutor baleirado foxas IR 012/2016] Exp. 302/2016

- REPARO 2016-0013 [Informe de Intervención bono social escolas deportivas IR 013/2016] Exp. 662/2016
- REPARO 2016-0014 [Informe de Intervención relación de facturas 05/2016 IR 014/2016] Exp. 695/2016
- REPARO 2016-0015 [Informe de Intervención relación de facturas 06/2016 IR 015/2016] Exp. 722/2016
- REPARO 2016-0016 [Informe de Intervención relación de facturas 08/2016 IR 015/2016] Exp. 806/2016
- REPARO 2016-0017 [Informe de Intervención impagados escola de música IR 017/2016] Exp. 3512/2015
- REPARO 2016-0019 [Informe de Intervención recoñecemento extraxudicial de crédito 01/2016 IR 0019/2016] Exp. 913/2016
- REPARO 2016-0020 [Informe de Intervención modificación relación postos de traballo IR 0020/2016] Exp. 4472/2015
- REPARO 2016-0021 [Informe de Intervención relación de facturas 07/2016 IR 021/2016] Exp. 786/2016
- REPARO 2016-0022 [Informe de Intervención anticipo reintegrable Marcos Sánchez IR 022/2016] Exp. 696/2016
- REPARO 2016-0023 [Informe de Intervención axuda emerxencia MFLR [IR 023/2016] Exp. 420/2016
- REPARO 2016-0024 [Informe de Intervención relación de facturas 09/2016 IR 024/2016] Exp. 841/2016
- REPARO 2016-0025 [Informe de Intervención relación de facturas 10/2016 IR 025/2016] Exp. 862/2016
- REPARO 2016-0026 [Informe de Intervención selección funcionario interino medio ambiente IR 026/2016] Exp. 440/2016
- REPARO 2016-0027 [Informe de Intervención nóminas marzo 2016 IR 027/2016] Exp. 696/2016
- REPARO 2016-0028 [Informe de Intervención selección profesor escola de música IR 028/2016] Exp. 1060/2016
- REPARO 2016-0029 [Informe de Intervención relación de facturas domiciliadas febreiro-marzo 2016 IR 029/2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0030 [Informe de Intervención selección 2 operarios IR 030/2016] Exp. 744/2016
- REPARO 2016-0031 [Informe de Intervención relación de facturas 12/2016 IR 031/2016] Exp. 961/2016
- REPARO 2016-0032 [Informe de Intervención subvención concorrencia 2014 APAGA IR 032/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0033 [Informe de Intervención relación de facturas 13/2016 IR 033/2016] Exp. 992/2016
- REPARO 2016-0034 [Informe de Intervención subvención concorrencia 2014 Club Pedaleo IR 034/2016] Exp. 335/2015
- REPARO 2016-0035 [Informe de Intervención subvención concorrencia 2014 Club Altruán IR 035/2016] Exp. 332/2015

- REPARO 2016-0036 [Informe de Intervención pagamento a xustificar gastos avión Xose Farruco Graña IR 036/2016] Exp. 1240/2016
- REPARO 2016-0037 [Informe de Intervención relación de facturas 14/2016 IR 037/2016] Exp. 1225/2016
- REPARO 2016-0038 [Informe de Intervención pagamento a xustificar agasallos alumnado escola de música IR 038/2016] Exp. 1320/2016
- REPARO 2016-0039 [Informe de Intervención selección persoal albergue de Vilela IR 039/2016] Exp. 1111/2016
- REPARO 2016-0040 [Informe de Intervención relación de facturas 15/2016 IR 040/2016] Exp. 1255/2016
- REPARO 2016-0041 [Informe de Intervención relación de facturas domiciliadas abril 2016 IR 041/2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0042 [Informe de Intervención subvención 2015 SD Ribadeo IR 042/2016] Exp. 1552/2016
- REPARO 2016-0043 [Informe de Intervención subvención concorrencia 2014 EDES IR 043/2016] Exp. 43/2014
- REPARO 2016-0044 [Informe de Intervención nóminas abril 2016 IR 044/2016] Exp. 1014/2016
- REPARO 2016-0045 [Informe de Intervención relación de facturas 16/2016 IR 045/2016] Exp. 1448/2016
- REPARO 2016-0046 [Informe de Intervención achega Puente de los Santos 1ºT 2016 IR 046/2016] Exp. 1392/2016
- REPARO 2016-0047 [Informe de Intervención selección 2 operarios medio ambiente IR 047/2016] Exp. 1486/2016
- REPARO 2016-0048 [Informe de Intervención Fase O. Certificación de obra Filtro ETAP IR 048/2016] Exp. 1627/2016
- REPARO 2016-0049 [Informe de Intervención recoñecemento extraxudicial de crédito 02/2016 IR 049/2016] Exp. 1562/2016
- REPARO 2016-0050 [Informe de Intervención factura ADIF pagamento sendo debedor do concello IR 050/2016] Exp. 806/2016
- REPARO 2016-0051 [Informe de Intervención relación de facturas 17/2016 IR 051/2016] Exp. 1494/2016
- REPARO 2016-0052 [Informe de Intervención relación de facturas 18/2016 IR 052/2016] Exp. 1561/2016
- REPARO 2016-0053 [Informe de Intervención relación de facturas 20/2016 IR 053/2016] Exp. 1662/2016
- REPARO 2016-0054 [Informe de Intervención selección de persoal RISGA 2016 IR 054/2016] Exp. 1706/2016
- REPARO 2016-0055 [Informe de Intervención selección socorristas cooperación 2016 IR 055/2016] Exp. 1321/2016
- REPARO 2016-0056 [Informe de Intervención relación de facturas 22/2016 IR 056/2016] Exp. 1708/2016
- REPARO 2016-0057 [Informe de Intervención subvención 2014 Asociación Fraternidad IR 057/2016] Exp. 43/2014

- REPARO 2016-0058 [Informe de Intervención subvención 2014 A Faxarda IR 058/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0059 [Informe de Intervención subvención 2014 COGAMI IR 059/2016] Exp. 43/2014
- REPARO 2016-0060 [Informe de Intervención pagamento a xustificar Ribadeo de Tapeo IR 060/2016] Exp. 1800/2016
- REPARO 2016-0061 [Informe nóminas maio 2016 IR 061/2016] Exp. 1429/2016
- REPARO 2016-0062 [Informe de Intervención relación de facturas 23/2016 IR 062/2016] Exp. 1744/2016
- REPARO 2016-0064 [Informe subvención concorrencia 2014 AMAS DE CASA IR 064/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0065 [Informe subvencións concorrencia 2014 MULLERES RURAIS IR 065/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0066 [Informe de Intervención relación de facturas 24/2016 IR 067/2016] Exp. 1776/2016
- REPARO 2016-0067 [Informe de Intervención selección socorristas cooperación 2016 IR 067/2016] Exp. 1783/2016
- REPARO 2016-0068 [Informe subvención concorrencia Observatorio da Mariña pola Igualdade 2014 IR 068/2016] Exp. 43/2014
- REPARO 2016-0069 [Informe subvención concorrencia 2014 CÁRITAS IR 069/2016] Exp. 43/2014
- REPARO 2016-0070 [Informe de Intervención subvención concorrencia 2014 ALESANCIA 2014 IR 070/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0071 [Informe subvención concorrencia 2014 Amigos da Madeira IR 071/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0072 [Informe de Intervención relación facturas 25/2016 IR 072/2016] Exp. 1827/2016
- REPARO 2016-0073 [Informe de Intervención relación facturas viesgo 026/2016 IR 073/2016] Exp. 1871/2016
- REPARO 2016-0074 [Informe subvencións concorrencia 2014 CASA DAS LETRAS IR 074/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0075 [Informe de Intervención selección técnicos sanitarios IR 075/2016] Exp. 1837/2016
- REPARO 2016-0076 [Informe subvención subvención concorrencia asociación viúvas 2014 IR 076/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0077 [Informe subvención concorrencia 2014 A CHOCA 2014 IR 077/2016] Exp. 32/2014
- REPARO 2016-0078 [Informe de Intervención relación de facturas 27/2016 IR 078/2016] Exp. 1915/2016
- REPARO 2016-0079 [Informe de Intervención relación de facturas 28/2016 IR 079/2016] Exp. 1948/2016
- REPARO 2016-0080 [Informe de Intervención selección auxiliar SAF 2016 IR 080/2016] Exp. 1958/2016

- REPARO 2016-0081 [Informe de Intervención selección persoal albergues 2016] Exp. 1979/2016
- REPARO 2016-0082 [Informe cancelación garantía mobiliario e adaptación SALÓN PLENOS IR 083/2016] Exp. 1903/2016
- REPARO 2016-0083 [Informe de Intervención prórroga interinidade técnico cultura IR 084/2016] Exp. 3667/2015
- REPARO 2016-0084 [Informe nóminas xuño 2016 IR 084/2016] Exp. 1838/2016
- REPARO 2016-0085 [Informe contrato menor servizos a chocolateira do emprego. Fase AD IR 085/2016] Exp. 1629/2016
- REPARO 2016-0086 [Informe de Intervención xustificación PAX socorristas IR 086/2016] Exp. 2022/2016
- REPARO 2016-0087 [Informe de Intervención selección 2 técnicos sanitarios sen praza IR 087/2016] Exp. 1837/2016
- REPARO 2016-0088 [Informe de Intervención pagamento a xustificar material para socorristas IR 088/2016] Exp. 2224/2016
- REPARO 2016-0089 [Informe de intervención selección guías litoral 2016 IR 089/2016] Exp. 2106/2016
- REPARO 2016-0091 [Informe de Intervención relación de facturas 29/2016 IR 091/2016] Exp. 2119/2016
- REPARO 2016-0092 [Informe selección persoal temporal motobomba IR 092/2016] Exp. 2210/2016
- REPARO 2016-0093 [Informe de Intervención subvención nominativa Colexio Sagrado Corazón 2014 IR 093/2016] Exp. 663/2015
- REPARO 2016-0094 [INFORME INTERVENCION FACTURAS DOMICILIADAS MAIO XUÑO 16 IR 094/2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0095 [Informe de Intervención relación de facturas 30/2016 IR 095/2016] Exp. 2179/2016
- REPARO 2016-0096 [Informe intervención fase D. Contrato concesión TREN TURÍSTICO IR 096/2016] Exp. 1400/2016
- REPARO 2016-0097 [Informe de Intervención relación de facturas 31/2016 IR 097/2016] Exp. 2317/2016
- REPARO 2016-0098 [Informe subvención amadores da música 2014 IR 098/2016] Exp. 663/2015
- REPARO 2016-0099 [Informe intervención modificación nº2 contrato obra Centro Atención a Maiores IR 099.2016] Exp. 2198/2016
- REPARO 2016-0100 [Informe nómina xullo 2016 IR 100/2016] Exp. 2151/2016
- REPARO 2016-0101 [Informe de Intervención relación de facturas viesgo 32/2016 IR 101/2016] Exp. 2409/2016
- REPARO 2016-0102 [Informe de Intervención relación de facturas 33/2016 IR 102/2016] Exp. 2454/2016
- REPARO 2016-0103 [Informe de Intervención relación de facturas 34/2016 IR 103/2016] Exp. 2559/2016
- REPARO 2016-0104 [Informe de intervención selección guía turístico sen praza IR

- 104/2016] Exp. 2616/2016
- REPARO 2016-0105 [Informe de Intervención subvención nominativa 2014. AMIGOS DA GAITA IR 105/2016] Exp. 663/2015
 - REPARO 2016-0106 [Informe de Intervención xustificación PAX billetes avión Xosé Farruco Graña. IR 106/2016] Exp. 1240/2016
 - REPARO 2016-0107 [Informe de Intervención pagamento a xustificar material socorristas. IR 107/2016] Exp. 2704/2016
 - REPARO 2016-0108 [Informe de Intervención certificación obra contrato PORTACONTEDORES IR 108/2016] Exp. 2717/2016
 - REPARO 2016-0109 [Informe de Intervención relación de facturas 35/2016 IR 109/2016] Exp. 2699/2016
 - REPARO 2016-0110 [Informe de Intervención subvención EOCLASICA 2015 IR 110/2016] Exp. 1552/2015
 - REPARO 2016-0111 [Informe de Intervención relación de facturas viesgo 36/2016 IR 111/2016] Exp. 2724/2016
 - REPARO 2016-0112 [Ingresos recadación taquilla por ocupación auditorio IR 112/2016] Exp. 1933/2016
 - REPARO 2016-0113 [Informe subvencións nominativas 2015 JAZZEO IR 113/2016] Exp. 1552/2015
 - REPARO 2016-0114 [Informe de Intervención axuda emerxencia social PACN IR 114/2016] Exp. 2636/2016
 - REPARO 2016-0115 [Informe de Intervención selección persoal Escola Música 2016/2017 IR 115/2016] Exp. 2779/2016
 - REPARO 2016-0116 [Informe de Intervención relación de facturas 37/2016 IR 116/2016] Exp. 2765/2016
 - REPARO 2016-0117 [Informe prórroga contratación laboral orientador de emprego IR 117/2016] Exp. 2606/2016
 - REPARO 2016-0118 [Informe reparo nómina agosto 2016 IR 118/2016] Exp. 2479/2016
 - REPARO 2016-0119 [Informe de intervención relación de facturas 38/2016 IR 119/2016] Exp. 2778/2016
 - REPARO 2016-0120 [Informe de Intervención relación de facturas 39/2016 IR 120/2016] Exp. 2792/2016
 - REPARO 2016-0121 [Informe de intervención relación de facturas 40/2016 IR 121/2016] Exp. 2912/2016
 - REPARO 2016-0122 [Informe de Intervención INDEMNIZACIÓN A CONSORCIO SEGUROS ACCIDENTE DUMPER IR 122/2016] Exp. 3384/2015
 - REPARO 2016-0123 [Informe pagamento a xustificar III Maratón Catedrais IR 123/2016] Exp. 2932/2016
 - REPARO 2016-0124 [INFORME DE INTERVENCIÓN FASE D. CONTRATO SERVICIOS. CORPO DE MULLER IR 124/2016] Exp. 1788/2016
 - REPARO 2016-0125 [Informe de Intervención relación de facturas 41/2016 IR 125/2016] Exp. 2960/2016

- REPARO 2016-0126 [Informe impagados vivenda comunitaria 3. Irregularidades en materia ingresos] Exp. 4206/2015
- REPARO 2016-0127 [INFORME INTERVENCIÓN FACTURAS DOMICILIADAS XULLO AGOSTO 16 IR 127/2016] Exp 161/2016
- REPARO 2016-0128 [Informe de Intervención relación facturas 43/2016 IR 128/2016] Exp. 3063/2016
- REPARO 2016-0129 [Informe de Intervención subvención Educando en Familia 2015 IR 129/2015] Exp. 1552/2015
- REPARO 2016-0130 [INFORME INTERVENCIÓN FACTURAS DOMICILIADAS SETEMBRO IR 130/2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0131 [Informe intervención nómina setembro 2016 IR 131/2016] Exp. 2871/2016
- REPARO 2016-0132 [Informe de Intervención relación facturas 42/2016 IR 133/2016]. Exp. 3042/2016
- REPARO 2016-0133 [Informe de Intervención PAX compra bicicleta para día da bicicleta] Exp. 3200/2016
- REPARO 2016-0134 [Informe de Intervención contratación 2 peóns programa APROL RURAL IR 134/2016] Exp. 3194/2016
- REPARO 2016-0135 [Informe contrato menor subministración equipos informáticos Obradoiro emprego. Fase AD IR 135/2016] Exp. 3207/2016
- REPARO 2016-0136 [Informe de Intervención relación facturas 44/2016 IR 136/2016] Exp. 3184/2016
- REPARO 2016-0137 [Informe de Intervención aprobación padrón taxis 2016 IR 137/2016] Exp. 3353/2016
- REPARO 2016-0138 [Informe de Intervención relación facturas viesgo 46_2016 IR 138_2016] Exp. 3320/2016
- REPARO 2016-0139 [Informe de intervención selección persoal temporal. Fase A. Albergues Depuemprego IR 139/2016] Exp. 3443/2016
- REPARO 2016-0140 [Informe de intervención selección persoal Obradoiro Ribadeo no Tempo IR 140_2016] Exp. 2871/2016
- REPARO 2016-0141 [Informe de Intervención anticipo reintegrable Soledad Rodríguez Díaz IR 141/2016] Exp. 3492/2016
- REPARO 2016-0142 [Informe reparo nóminas outubro 16 IR 142/2016] Exp. 3134/2016
- REPARO 2016-0143 [Informe de Intervención recoñecemento extraxudicial de crédito 03/2016 IR 143/2016] Exp. 3512/2016
- REPARO 2016-0144 [Informe de Intervención relación facturas 47/2016 IR 144/2016] Exp. 3336/2016
- REPARO 2016-0145 [Informe de intervención selección técnico cultura Depuemprega IR 145/2016] Exp. 3570/2016
- REPARO 2016-0146 [Informe de Intervención relación facturas 49/2016 IR 146/2016] Exp. 3584/2016
- REPARO 2016-0147 [Informe de Intervención relación facturas viesgo 50/2016 IR 147/2016] Exp. 3614/2016

- REPARO 2016-0148 [INFORME DE INTERVENCIÓN FASE D. CONTRATO OBRAS RÚA SAN ROQUE. IR 148/2016] Exp. 3064/2016
- REPARO 2016-0149 [Informe de intervención selección animador sociocultural Depuemprega. Fase A. IR 149/2016] Exp. 3573/2016
- REPARO 2016-0150 [Informe de Intervención relación facturas 52/2016 IR 151/2016] Exp. 3672/2016
- REPARO 2016-0151 [Informe de Intervención facturas relación 51_2016 IR 150_2016] Exp. 3659/2016
- REPARO 2016-0152 [Informe de intervención selección auxiliar administrativo Depuemprega. Fase A. IR 152/2016] Exp. 3568/2016
- REPARO 2016-0153 [Informe de intervención relación facturas 53/2016 IR 153_2016] 3692/2016
- REPARO 2016-0154 [Informe de intervención selección persoal temporal. Fase A. Bolsa emprego albanel. IR 154/2016] Exp. 3714/2016
- REPARO 2016-0155 [Informe de Intervención subvención Amadores da música 2015. IR 155/2016] Exp. 1552/2015
- REPARO 2016-0156 [INFORME DE INTERVENCIÓN FASE D CONTRATO OBRA RÚA PARALELA AVENIDA DE RIBADEO IR 156/2016] Exp. 2981/2016
- REPARO 2016-0157 [Informe de Intervención relación facturas 54/2016 IR 157/2016] Exp. 3720/2016
- REPARO 2016-0158 [Informe de Intervención relación facturas viesgo 55/2016 IR 158/2016] Exp. 3743/2016
- REPARO 2016-0159 [Informe de intervención selección persoal temporal. Fase A. Operarios servizos múltiples interinos] Exp. 3868/2015
- REPARO 2016-0160 [Informe intervención facturas domiciliadas novembro 16 IR 160/2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0161 [Informe de Intervención nominas novembro 16 IR 161/2016] Exp. 3459/2016
- REPARO 2016-0163 [Informe de Intervención achegas 2º e 3º T 2016 Asociación Puente Santos IR 163/2016] Exp. 1392/2016
- REPARO 2016-0164 [Informe de intervención persoal temporal. Fase A. Persoal Pista xeo IR 164/2016] Exp. 3721/2016
- REPARO 2016-0165 [Informe de Intervención establecemento prezo público pista de xeo 2016. IR 165/2016] Exp. 3851/2016
- REPARO 2016-0166 [Informe de Intervención relación facturas 56/2016 IR 166/2016] Exp. 3840/2016
- REPARO 2016-0167 [Informe intervención facturas domiciliadas novembro 16 IR 167/2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0168 [Informe contrato menor subministración desbrozadora. Fase AD. IR 168/2016] Exp. 2197/2016
- REPARO 2016-0169 [Informe de Intervención relación facturas 57/2016 IR 169/2016] Exp. 3843/2016
- REPARO 2016-0170 [Informe de Intervención relación facturas 58/2016 IR 170/2016] Exp. 3942/2016

- REPARO 2016-0171 [Informe de Intervención relación facturas 59_2016 IR 171_2016] Exp. 3944/2016
- REPARO 2016-0172 [Informe de Intervención pagamento a xustificar alumeado Nadal IR 172/2016] Exp. 3959/2016
- REPARO 2016-0173 [Informe contrato menor iluminación de Nadal. Fase AD. IR 173/2016] Exp. 3836/2016
- REPARO 2016-0174 [Informe de Intervención pagamento a xustificar premios maratón San Silvestre IR 174/2016] Exp. 4042/2016
- REPARO 2016-0175 [Informe de Intervención pagamento a xustificar Agasallos vivenda comunitaria IR 175/2016] Exp. 4052/2016
- REPARO 2016-0176 [Informe de Intervención relación facturas 61/2016 IR 176/2016] Exp. 4020/2016
- REPARO 2016-0177 [Informe de Intervención relación facturas 63/2016 IR 177/2016] Exp. 4066/2016
- REPARO 2016-0178 [Informe de Intervención relación facturas 64/2016 IR 178/2016] Exp. 4067/2016
- REPARO 2016-0179 [Informe intervención nóminas decembro 2016 IR 179/2016] Exp. 3862/2016
- REPARO 2016-0180 [Informe de Intervención relación facturas 65/2016 IR 180/2016] Exp. 4125/2016
- REPARO 2016-0181 [Informe de Intervención anticipo JOSÉ MARÍA MARTÍNEZ PERNAS IR 181/2016] Exp. 4137/2016
- REPARO 2016-0182 [Informe de Intervención relación facturas 62/2016 IR 182/2016] Exp. 4064/2016
- REPARO 2016-0183 [Informe de Intervención pagamento a xustificar enganche eléctrico pista xeo IR 183/2016] Exp. 4150/2016
- REPARO 2016-0184 [Informe contrato menor subministración cortacésped para cemiterio. Fase AD. IR 184/2016] Exp. 3894/2016
- REPARO 2016-0185 [Informe axuda emerxencia social PACN IR 185.2016] Exp. 4163/2016
- REPARO 2016-0186 [Informe de Intervención relación facturas 66/2016 IR 186/2016] Exp. 4165/2016
- REPARO 2016-0187 [Informe de Intervención relación facturas 67.16 IR 187/2016] Exp. 4194/2016
- REPARO 2016-0188 [Informe intervención facturas domiciliadas decembro 2016 IR 188.2016] Exp. 161/2016
- REPARO 2016-0189 [Informe de intervención prórroga contrato servizos recadación de multas de tráfico. Fase AD. IR 189.2016] Exp. 4126/2016
- REPARO 2016-0190 [Informe de Intervención Fase O. Certificación de obra nº 3 CONTRATO PLAN REPOSICIÓN DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2016 IR 190/2016] Exp. 3306/2016
- REPARO 2016-0191 [Informe de Intervención relación facturas 68/2016 IR 191/2016] Exp. 4200/2016
- REPARO 2016-0192 [Informe de Intervención relación facturas viesgo 69_2016 IR

192_2016] Exp. 4210/2016

- REPARO 2016-0193 [Informe de Intervención ARRENDAMIENTO FINCA RÚSTICA EN OVE PARA PUNTO LIMPO E FACTURA 2016 IR 193/2016] Exp. 4213/2016
- REPARO 2016-0194 [Informe de Intervención relación facturas 70/2016 IR 194/2016] Exp. 4223/2016
- REPARO 2016-0195 [Informe de Intervención relación facturas viesgo 71/2016 IR 195/2016] Exp. 4224/2016

CUARTO: En consecuencia, sendo o Alcalde o competente para determinar a orde do día das sesións plenarias, de acordo co disposto nos artigos 80 e 81 do ROF, remítolle o presente informe para o cumprimento do disposto no artigo 218.1 do TRLRFL.

É canto procede informar sobre este asunto dende esta intervención, que se somete a calquera outro parecer mellor fundado en dereito e, en todo caso, ao superior criterio do Órgano municipal competente que resolverá o que estime máis axeitado para o interese público.”

“INFORME XUSTIFICATIVO DE ALCALDÍA.-

O artigo 218.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sinala que o órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Este informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.

E no seu parágrafo terceiro dispón tamén que o Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

En cumprimento desta facultade emítese xa que logo este informe, tratando de analizar os motivos e as solucións que se veñen dando ás deficiencias expresadas polo Interventor da Corporación.

En primeiro lugar dicir, no relativo aos reparos formulados en relación coas nóminas mensuais do persoal, que se están a adoptar todas as medidas posibles para evitar a emisión de informes desfavorables polo interventor.

Nesta dirección, por exemplo foron dirixidos os acordos que se adoptaron para fixar os criterios de reparto da produtividade, e en relación coa aprobación de convenio colectivo e acordo regulador de condicións de traballo de funcionarios en 2014, e incluso modificacións destes no exercicio 2016 como no relativo a gastos sociais, así como outras que se prevén nun futuro próximo relativas ao réxime dos traballos extraordinarios fóra de xornada unha vez negociado cos traballadores a finais do exercicio pasado con ocasión da aprobación dos orzamentos de 2017.

Non obstante, existen determinadas situacións que non son tan facilmente remediáveis, como as relativas a determinados traballadores que non accederon ao emprego público estritamente seguindo os procedementos legais para adquirir fixeza nos seus postos e agora son persoal laboral indefinido (tendo en conta que a maior parte deles proceden xa de exercicios e incluso corporacións moi anteriores á actual), e que coas limitacións legais das leis de orzamentos do estado non é posible nestes momentos convocar as prazas que ocupan, para regularizar a súa

situación.

Tamén dáse o caso de existencia de vacantes en determinados postos que ao final é preciso remediar a través dos traballos fóra de xornada doutro persoal que, evidentemente, debe ser compensado, aínda que ás veces e puntualmente supoña superar as limitacións que se marcan no convenio colectivo ou acordo regulador.

Para algúns destes casos xa tiveron lugar, ou están en tramitación, expedientes para cobertura en réxime de interinidade, mentres as leis orzamentarias non permitan a cobertura definitiva, pero que en definitiva non constitúen máis que un parche, e máis á vista das últimas sentencias do tribunal de xustiza da UE sobre a materia. Como exemplo pode nomearse a última oferta de emprego público aprobada, que soamente pode contemplar unha praza para persoal de novo ingreso, en cumprimento da taxa de reposición de efectivos, e que aínda así foi recorrida.

Noutros casos son circunstancias puntuais, como o desempeño da secretaría en réxime de acumulación que obriga ao TAX se secretaría a un esforzo adicional, as que orixinan a necesidade de superar os límites que se marcan no convenio colectivo ou acordo regulador.

En todo caso agárdase que a futuro a normativa permita solucionar na medida do posible a maioría destas salvedades realizadas nas nóminas pola intervención.

Nos informes de reparo relativos a selección de persoal, dicir que na maioría dos casos se refiren ben á contratación de traballadores en áreas onde agora é discutible a posibilidade de exercer competencias por parte do concello (profesores de música, orientador emprego, etc), ou ben a que as leis de orzamentos esixen ademais que se trate de “servizos esenciais” e por causas “urxentes e inaprazables”, que cómpre xustificar no expediente. Evidentemente é complexo acreditar de maneira suficiente que se trata de servizos esenciais ou que existe unha causa inaprazable, por exemplo, para aqueles casos en que se carece de competencias nunha materia.

Tamén, en certos casos, a tipoloxía de contratos que se pode facer actualmente nalgúns áreas, como a escola de música, non casa realmente coa vocación de permanencia que teñen os servizos en cuestión. É dicir, que ao final é difícil xustificar que determinados contratos teñan natureza temporal e non indefinida, pero como xa se sinalou, as leis de orzamentos do estado prohiben a cobertura de prazas de xeito definitivo, o que daría lugar á necesidade de deixar de prestar certos servizos ou actividades como a citada escola, ou prestalos a través de contratos de servizos, cousa a que non está disposto o grupo de goberno.

No tocante aos informes desfavorables relativos ás relacións de facturas, dicir que na meirande parte dos casos se deben a contratos, sobre todo de servizos, xa vencidos, e que se seguen a prestar para non deixar sen cobertura aos veciños.

Aquí hai que sinalar que se está a traballar intensamente para resolver estas situacións o antes posible, de xeito que xa foron licitados varios dos contratos que orixinan ou orixinaban estes reparos. Como exemplo sinalar a limpeza de edificios, a xestión do punto limpo e recollida de envases que comezou a prestarse co novo adxudicatario o 01/01/2017, etc. Noutros, como o SAF, houbo problemas no proceso (renunciou o adxudicatario ...), o que obriga a licitar novamente, pero agárdase que en breve se poda resolver, e noutros como a subministración de enerxía eléctrica realizouse recentemente un traballo previo de auditoría e vén de redactarse a proposta de inicio do expediente polo técnico do servizo de medio ambiente

(enxeñeiro). O mesmo acontece cos contratos de seguros, tanto RC, como de vehículos, edificios etc., en que tamén está en marcha o expediente.

Débase lembrar que, con esta intención prioritaria de poñer en marcha o antes posible os contratos vencidos, foi cuberta interinamente (pois de xeito definitivo non se pode, como vimos de sinalar en parágrafos anteriores) a praza de técnico de xestión responsable da área de contratación.

Tamén, por outra banda, foron modificadas xa en 2016, conservándose en 2017 con adaptacións en función do acontecido no exercicio precedente, as bases de execución do orzamento no relativo aos contratos menores, establecendo procedementos que, para importes que superen determinada contía, obriguen a solicitar varias ofertas o que garante a concorrencia e conseguir mellores prezos, e como mínimo para todos eles certificar que existe crédito con que realizar o gasto antes de tomar a decisión de levalos a cabo.

No relativo á certificar a existencia de crédito antes de realizar calquera gasto, dicir que é un asunto ao que se lle está a dar unha grande importancia, de xeito que no momento actual é moi estraño xa que se produzan gastos sen a retención de crédito previa, salvo nalgunhas áreas moi concretas nas que se están tomando medidas para reverter a situación.

Tamén, ante a próxima modificación da lei de contratos que, entre outras cousas, vai suprimir o procedemento negociado con publicidade, están a licitarse en aberto a práctica totalidade das contratacións aínda que por importe non fose preciso.

En todo caso a intención é que as advertencias de intervención nesta área desaparezan ou se reduzan ao máximo.

Nos reparos relativos a axudas de emerxencia social e axudas de conciliación, sinalar que en exercicios previos estaban referidos á inexistencia dunha regulación destas, o que foi solucionado coa aprobación dunhas bases a través das correspondentes ordenanzas.

O que acontece agora, por unha banda é a existencia de erros formais na documentación presentada polos solicitantes, en moitos casos pola intención dos servizos sociais de darlle a máxima rapidez posible á tramitación das axudas, porque evidentemente afectan normalmente a situacións de carencia que non poden agardar, é por outra unha situación que podía acontecer, ao tratarse dunhas normas que se implantan por primeira vez, que é que non se axustan en certos casos a todo o abano de posibilidades que poden presentarse (límites de ingresos, forma de acreditar estes, conceptos a que se pode destinar a axuda, etc.), e que aínda así hai que solucionar.

Isto conducirá a que se poda realizar un axuste nas ordenanzas para contemplar esta problemática, tendo en conta que xa no propio exercicio 2015 foi realizada unha pequena adaptación da relativa a emerxencia social.

Nos informes de reparo relativos á xustificación das subvencións concedidas polo concello a asociacións, comisións de festas e outras entidades, dicir que en ningún caso se trata de que non foran executadas as actividades para as que se outorgaron, senón de deficiencias da documentación presentada para xustificar.

Hai que dicir que non está a acontecer nada que non tivera lugar noutros exercicios, pero si é

certo que se incrementou a esixencia por parte da intervención municipal, o que non quere ser unha crítica, posto que tamén nas axudas que recibe o concello doutras entidades, malia ser tamén unha administración, se lle esixe un estrito cumprimento das regras nas xustificacións.

Non obstante, tampouco se quixo orixinar por defectos de forma (que non na execución real das actividades subvencionadas) a perda de axudas para os beneficiarios, pero si que se están a adoptar tamén medidas de concienciación para que comprendan a necesidade de ser coidadosos coa xustificación do emprego do diñeiro público que reciben do concello, como non pode ser doutra forma. Aínda así recoñécese que queda bastante camiño por andar nesta materia, sobre todo con algunhas asociacións, máis que nada pola tipoloxía dos seus compoñentes, non afeitos en moitos casos ao manexo de documentación e á cumplimentación de trámites administrativos.

No caso das relacións de facturas que se corresponden con domiciliacións bancarias, método de pagamento que como sinala o interventor non é correcto, posto que se realiza antes de que se tramite o procedemento de aprobación das facturas e en moitos caos sen ter en conta se hai consignación, sinalar que dende o exercicio 2014 estase tratando de reducir as mesmas ata deixar aquelas que son practicamente imposibles de eliminar.

Xa foi realizado este trámite para moitas das existentes, como por exemplo enerxía eléctrica, que era a máis substancial, restando agora unicamente a telefonía, parte dos seguros e os recibos de préstamos, xa que na práctica é moi difícil xestionar doutra forma este tipo de gastos. Aínda así, de ser posible tratarase de eliminar incluso estas.

Tamén se atopa domiciliada a subministración de combustible, polas condicións pactadas no seu día, pero tamén se resolverá esta situación coa licitación que se realizará en breve, pois é outro dos contratos que se atopa vencido.

Finalmente tamén se observan determinados reparos relacionados con algúns dos pagamentos a xustificar autorizados no exercicio. Neste caso a advertencia ven porque se produce ás veces un incumprimento na orde de prelación de pagamentos.

É dicir, rematan por pagarse antes os gastos realizados a través deste procedemento excepcional, que os ordinarios. Por iso soamente se está a empregar este método cando é imprescindible, e o terceiro unicamente acepta o pagamento no momento da prestación.

Tamén se procederá a aprobar un plan de disposición de fondos da tesourería, como require o interventor, que regule máis polo miúdo a orde de pagos e poda recoller excepcións que evite algunha das advertencias, aínda que seguirán existindo algúns imprevistos que sexa preciso executar por este método (neste exercicio por exemplo material para os socorristas que soamente se puido atopar para subministrar con urxencia en DECATHLON, que so acepta pagamento ao momento).

Con todo, facendo unha valoración global dos reparos que se recollen no informe de intervención, pódese dicir que existe con respecto aos exercicios precedentes unha mellora salientable. Compróbase que se concentran en áreas moi concretas (persoal, facturas, subvencións e axudas, basicamente), resultando que as deficiencias noutras materias son practicamente inexistentes, e incluso nas mencionadas o volume e a importancia das advertencias vaise reducindo na medida do posible, tendo en conta as dificultades en moitos casos alleas ao concello que trataron de expoñerse ao longo do presente informe.

En todo caso é intención e obriga do que subscribe seguir avanzando na mellora continua para lograr que os reparos de intervención se reduzan ao mínimo, dentro das posibilidades e dentro do deber de seguir procurando e garantindo os mellores servizos posibles aos veciños deste concello.

Como se sinalaba no inicio, constitúe este un informe que se emite en aras da facultade recollida no artigo 218.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, parágrafo terceiro, relativo a que o Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación, que se realiza de xeito conciso para explicar ao Pleno da Corporación razoadamente os motivos polos que se adoptaron decisións en relación cos reparos do interventor, pero que poderá ser ampliado ou completado, se é preciso, en relación con algún ou algúns dos informes concretos emitidos polo órgano fiscalizador.

O Sr. Alcalde explica brevemente diferentes aspectos, sinalando que hai menos reparos da Intervención que no exercicio anterior, que se están realizando licitación que ata o de agora nunca se levaran a cabo e que co obxecto de ir reducindo o número de reparos tamén se están realizando licitacións das obras en aberto aínda que con moito mais traballo, así como falando cos diferentes departamentos para que á hora de adquirir produtos realicen primeiro o documento de RC, etc.

A Comisión queda enterada.”

A Corporación municipal dase por enterada do asunto epigrafiado e informe da Alcaldía-Presidencia.

6.- EXPEDIENTE Nº 857/2017 RELATIVO Á DECLARACIÓN DE OBRAS DE ESPECIAL INTERESE (11 CONVENIO ARI).

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da proposta da Alcaldía obrante no expediente que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistas as obras de rehabilitación levadas a cabo no ARI de Ribadeo, polas persoas relacionadas no seguinte cadro, obras que contan con subvención do Concello de Ribadeo, 11ª fase do Casco Histórico de Ribadeo (Acordo da Comisión Bilateral de data 27-10-2015, asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestrutura e Vivenda e o Concello de Ribadeo), expedientes todos eles que contan con cualificación definitiva por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo:

| BENEFICIARIO SUBVENCIÓN | ENDEREZO DE ACTUACIÓN |
|---------------------------------|-------------------------------------|
| RODRIGUEZ BAIXERAS, Mª ASUNCION | RUA SAN ROQUE, Nº 16. RIBADEO |
| FERNANDEZ VIZCAINO, CONCEPCION | BAIXADA DE GUIMARAN, Nº 12. RIBADEO |
| NAVARRET DIAZ, ANGELES | PEIRAO DE PORCILAN, Nº 10. RIBADEO |
| SECO LASTRA, SANDRA MARIA | RUA ANTONIO OTERO, Nº 1. RIBADEO |
| ROMAN CORDON, JUAN | RUA SAN MIGUEL, Nº 68. RIBADEO |

| | |
|--|--|
| | |
|--|--|

Visto o disposto no artigo 9 da ordenanza municipal I4, reguladora do imposto sobre construción, instalacións e obras (ICIO) e visto o disposto no artigo 8 das bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rexeneración e renovación urbana do Casco Histórico da Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo, Plan Estatal 2013/2016, publicadas no BOP de data 5 de decembro de 2015 e rectificación de erros publicada no BOP de data 10 de febreiro de 2016.

Visto os informes de data 07-03-2017 emitidos polo arquitecto do ARI relativos á bonificación no ICIO e dedución de taxa por licenza urbanística en obras do 11º Convenio do ARI de Ribadeo.

Visto igualmente o informe emitido pola Intervención municipal de data 09-03-2017.

Considerando o disposto no artigo 103.2 e 103.3 do Real Decreto Legislativo 20/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

En atención ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

PRIMEIRO: Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras que seguen, por concorrer as circunstancias e reunir as condicións sinaladas no artigo 9 da ordenanza municipal I4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), e acordar en consecuencia as bonificacións na cota íntegra do imposto citado e a dedución de taxa por licenzas urbanísticas na devandita cota, que se recollen na táboa que se transcribe a continuación:

| BENEFICIARIO SUBVENCIÓN | ENDEREZO ACTUACIÓN | % BONIFICACION | BONIFICACION IMPOSTO | DEDUCCION TAXA | TOTAL DEVOLVER | A |
|--|----------------------------|----------------|----------------------|----------------|----------------|---|
| RODRIGUEZ BAIXERAS, M ^a ASUNCION | RUA SAN ROQUE, 16 | 40% | 176,14 € | 110,09 € | 286,23 € | |
| FERNANDEZ VIZCAINO, CONCEPCION | BAIXADA DE GUIMARAN, 12 | 55% | 277,20 € | 126,00 € | 403,20 € | |
| NAVARRET DIAZ, ANGELES | PEIRAO DE PORCILLAN, 10 | 55% | 239,53 € | 108,88 € | 348,41 € | |
| SECO LASTRA, SANDRA M ^a | RUA ANTONIO OTERO, 1 | 55% | 39,01 € | 17,73 € | 56,74 € | |
| ROMAN CORDON, JUAN | RUA SAN MIGUEL, 68 | 25% | 30,62 € | 30,62 € | 61,24 € | |

SEGUNDO: Acordado o anterior deberá procederse polo órgano competente, neste caso a Alcaldía, a ditar as novas liquidacións a que se refire o artigo 9 da ordenanza municipal I4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), tendo en conta as bonificacións e deducións sinaladas, e determinar o que proceda no relativo á devolución de ingresos que corresponda no seu caso.”

A Comisión Informativa por sete votos a favor (dos membros do BNG e do Grupo Popular) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Mixto -Cidadáns- e do Grupo Socialista) acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía para a súa elevación ao Pleno municipal.”

A Corporación municipal en votación ordinaria, por quince votos a favor (dos membros dos Grupos BNG-PP e Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo do PSG-PSOE) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

7.- EXPEDIENTE Nº 875/2017 RELATIVO AO CONVENIO CON ACISA PARA DINAMIZACIÓN COMERCIAL 2017-2019.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta do Informe-Proposta de convenio marco de colaboración entre o Concello de Ribadeo e ACISA para a dinamización comercial no período 2017-2019 obrante no expediente.

A Comisión Informativa por sete votos a favor (dos membros do BNG e do Grupo Popular) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Mixto -Cidadáns- e do Grupo Socialista) acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos seus propios termos, para a súa elevación ao Pleno municipal.”

Sínálase pola Alcaldía que os técnicos reformularon a proposta de convenio para adaptar a nova lei de procedemento administrativo e outra normativa e que se enviou por correo electrónico a mesma.

Por parte da concelleira do PSG-PSOE agrádese a ACISA por todo o traballo que fan e queren pedir no nome deles e doutras asociacións que os pagos das subvencións se fagan coa maior brevedade posible.

O concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad manifesta que coinciden co que acaba de indicar a portavoz do PSG-PSOE na boa labor que desenvolve ACISA. Significa tamén que sempre se dí que a Xunta de Galicia é a mala pero que tamén apoia este tipo de actividades. Remata indicando que van votar a favor e pedindo, como dín no PSOE que se paguen as subvencións canto antes.

Intervén o concelleiro delegado de facenda Sr. Castro Reigosa que manifesta que se vai referir ao último apartado de pago de subvencións significando que o problema é a falta de persoal xa que todas as subvencións tanto de cultura, de servizos sociais como de deportes pasan pola man do Interventor e non hai tempo nin medios suficientes e que ao ter que cumprir co Plan de axuste o primeiro que se revisan son as facturas de provedores e non da para mais. En todo caso espera que en breve se poida incorporar persoal á Tesourería e se axilicen todos os traballos.

Rematada a deliberación sométese a votación o ditame de referencia e por quince votos a favor dos membros dos Grupos do BNG, PP e Mixto-Cidadáns e dúas abstencións dos membros do Grupo do PSG-PSOE acórdase, en consecuencia:

PRIMEIRO: Aprobar o CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E ACISA PARA DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE RIBADEO 2017-2019, segundo o texto de 22/03/2017 que figura no expediente e se transcribe:

“PROPOSTA CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E ACISA PARA DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE RIBADEO 2017-2019

Aprobado polo Pleno Municipal en sesión de **23 de marzo de 2017**

En Ribadeo, a de de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Fernando Suárez Barcia, co D.N.I.: 77594115-G, maior de idade, como Alcalde do Excmo.

Concello de Ribadeo, CIF P2705100B e domicilio en Praza de España, nº 1. 27700-RIBADEO.Lugo.

Don David Martínez Martínez , maior de idade, con DNI n.º33335682B na súa calidade de Presidente da Entidade A.C.I.S.A. / CCA Ribadeo, CIF G27118579, á que representa no presente acto, con domicilio aos efectos de notificacións en Av. Galicia, 20, 2ª planta.

INTERVEÑEN

O primeiro en nome e representación do Excmo. Concello de Ribadeo co C.I.F. P2705100B e domicilio en Praza de España, 1-Ribadeo (Lugo),

O segundo en nome e representación da Asociación Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo- ACISA- e domicilio Avda. de Galicia, 20 2º Planta, 27700 Ribadeo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente.

ANTECEDENTES

O comercio en Ribadeo. Un comercio de proximidade

O comercio en Ribadeo sempre desempeñou historicamente un papel fundamental no desenvolvemento económico da vila.

Hoxe en día e non cabe ningunha dúbida a actividade comercial en Ribadeo constitúe unha das principais actividades económicas da nosa vila, tanto desde unha perspectiva de emprego como de riqueza xerada no territorio onde se asenta.

Ribadeo é o municipio cabeceira da Mariña Oriental , parte da Central e Occidente Asturiano por ser a localidade máis equipada e con máis servizos dentro da súa contorna. Así mesmo é o municipio que máis pode ofrecer tanto aos seus visitantes e residentes.

Este feito confire á nosa vila un marcado rango urbano comparables coas pequenas cidades, reflectíndose no dinamismo das súas rúas e estilo de vida en xeral, e que fai de Ribadeo un lugar moi atractivo no que vivir, traballar, comprar e visitar e unha das melloras opcións dentro da súa contorna.

Sintetizando, o comercio de proximidade é un dos motores máis importantes das vilas, dando vida as súas rúas, sendo fonte de traballo e creación de riqueza e cohesión social. Isto, e desde unha perspectiva ampla, significa que o comercio fai vila, sendo , tamén , o motor que constrúe a realidade dos e das ribadenses.

Cómpre por elo valorar a súa importancia na contribución social, urbana e territorial. O que indica que se debe apostar por unha maior integración e relación da actividade comercial e actividades sociais que teñen lugar na nosa vila.

Engadir ao anterior, o feito de que o comercio é unha palanca importante para promocionar os produtos locais e contribuir a fixar as empresas ao territorio e fixar e xerar postos de traballo en toda a cadea de subministro.

Por outra banda , Ribadeo é hoxe un vila turística en auxe, que goza dun amplo recoñecemento e valoración internacional é buscada por moitos e varios tipos de público. Neste senso o comercio é unha actividade económica que presenta numerosas sinerxias con outras actividades (turismo, cultura, tecnoloxías móbiles, creatividade ...).

Nun contexto no que o consumo non é capaz de repuntar, estes sectores (especialmente o turismo) representan actualmente un dos poucos segmentos e oportunidades de crecemento así como maior capacidade de compra.

Por todos estes motivos, débese potenciar ao máximo as iniciativas que permitan captar e capitalizar ao máximo á compra a estes sectores aunado sempre ao obxectivo de consolidar o comercio de proximidade.

A relación entre o comercio e estes sectores afíns xeralmente se relacionan a través de proxectos concretos e actuacións específicas , pero en poucas ocasións se integra coma unha cuestión estratéxica e visión integradas.

Este convenio, deberá fomentar ao asentamento as bases para establecer unha sinerxía entre o comercio e outras actividades dunha maneira sistemática e xeralizada, de forma que se trate de propiciar a coordinación entre os departamentos que afecten ao comercio (urbanismo, mobilidade, cultura, turismo ...)

Un breve achegamento a situación actual

Segundo se desprende das bases de datos do concello referentes a novas aperturas constatamos un fluxo continuo de novas aperturas (que tamén peches). Isto tamén se reflicte logo dun paseo polas rúas de Ribadeo, dado isto podemos salienta que este sector mantén unha actividade dinámica e emprendedora moi significativa como o demostra este continuado crecemento.

Este permite, o mantemento a taxa de renovación do comercio, unha rexeneración dos/das persoas comerciantes, a modernización do sector, así como unha diversificación e maior calidade da súa estrutura comercial.

Isto é especialmente significativo se temos en conta que o modelo de Ribadeo responde a un modelo de proximidade, calidade, servizo e diversidade.

Cómpre aquí, tamén salienta que o comercio de Ribadeo está integrado en moitas outras actividades, culturais e turísticas, é sen dúbida algunha un sector moi transversal.

Se atendemos a súa evolución podemos pensar que estamos ante un punto de inflexión na traxectoria deste sector. No que inflúen varias premisas;

- O sector de crise no que vivimos inmersos repercute a capacidade de compra das familias e muda os seus hábitos de consumo, o que deriva inmediatamente en novas necesidades e formas de consumir, novos modelos de consumo.
- Un sector no que as novas tecnoloxías e avances está mudar tamén a forma de funcionar do mesmo, salienta tamén a gran evolución do comercio electrónico.
- O remate do trazado da autovía A8 fai máis accesible novos espazos xeográficos – cambiando o sentido das distancias con respecto ao noso municipio - abrindo novas oportunidades e/ou ameazas para a nosa vila no sentido que Ribadeo pode ser porta de entrada como de saída.

EXPOÑEN

I- Que a Asociación de Comerciantes, Industriais, Servicios e Autónomos de Ribadeo, como representante do colectivo do comercio da nosa localidade, e ó abeiro do programa cuatrienal de modernización do sector comercial comerciante polo miúdo de Galicia establecido pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, efectuou un estudio de viabilidade sobre a implantación do Centro Comercial Aberto (C.C.A.), como fórmula de renovación do comercio de Ribadeo. Tal programa tense comenzado en 2007 tendo continuidade na actualidade.

II- Visto a transversabilidade, multidisciplinabilidade das áreas de incidencia do sector do comercio e a súa relación directa coa competencias propias dos municipios descritos nas letras a) b) h) i) l) m) ñ) artigo 25 da lei 7/1985 ç

III- Que O artigo 86 lei 39/2015 de 1 de outubro: As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos , convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptible de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interés público que teñen encomendado (...)

IV-A Resolución de 12 de marzo de 2015, da Dirección Xeral de Relacións institucións e Parlamentarias , pola que se ordena a publicación do acordo da comisión Bilateral de Cooperación administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia en relación da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3 .- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuación de momento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informe de inexistencia de duplicidade e sustentabilidade financeira previstos

nesta lei.

-V- Que o Concello de Ribadeo, da mesma maneira cree necesario levar a cabo unha serie de actuacións encamiñadas a articulación de medidas que fomenten esta renovación comercial apoiando iniciativas, xestións ou actuacións que se desenvolvan dentro do marco conceptual de centro Comercial Aberto que abonden no eido das competencias deste concello (urbanismo, tecnoloxía, medioambiente, ocio e cultura, turismo..)

VI.-Que ó amparo do anterior Convenio, xa se teñen levado a cabo actuacións no ámbito de aplicación do mesmo, como coa sinalización de establecementos adheridos, peonalización e humanización de varias rúas ribadenses, actividades de dinamización e modernización comercial, entre outras.

Especificamente por parte do Concello de Ribadeo no período 2014/2013 executáronse, sen ánimo de exhaustividade , tanto con fondos propios, como coa subvención da Comunidade Autónoma as seguintes actuacións:

- Mellora da rúa San Roque
- A promoción das mellora das fachadas e edificios emblemáticos
- A xestión de actuacións de mellora e rehabilitación do entorno urbano da Praza de España.
- Actividades formativas.
- . Actividades de dinamización e promoción comercial.

ACISA pola súa parte continua mantendo e xestionando Oficina técnica do Centro Comercial Aberto e ten realizadas entre outras as seguintes actividades:

- Campañas publicitarias (De rebaixas de inverno, San Valentín, Antroido, Día do Pai, da Nai, de Primavera, Rebaixas de Verán)
- Patrocinios (Cabalgata de Reis, Festa de Antroido, Semana Santa, etc.)
- Colaboración co concello en campañas como o Antroido, Indianos etc.
- Merchandising
- Imaxe Corporativa
- Convenios
- Publicidade
- Actividades formativas
- Integración das PEMES na Sociedade da Información

Dos antecedentes mencionados derívase que o Centro Comercial Aberto que evolucionou dunha realidade inicial mais limitada, cara a un proxecto estratéxico, que precisa continuar no un desenvolvemento e consolidación nos próximos anos, e para o que a interlocución, a colaboración e o deseño transversal de actuacións entre o Concello e ACISA son o instrumento mais axeitado, sen prexuízo da colaboración da Xunta de Galicia e do artellamento das actuacións locais coas xerais da Comunidade Autónoma.

En consecuencia, o Concello de Ribadeo, e ACISA

ACORDAN

PRIMEIRO.- OBXECTO.

Subscribir o presente Convenio co obxecto de fixar os compromisos de colaboración e levar a cabo as actuacións necesarias para matizar, definir e executar, políticas e actuacións que sirva de impulso e apoio ao comercio de Ribadeo.

A través deste convenio preténdese chegar a unha suma de vontades a través da cal se acade unha complicidade necesaria un traballo en rede que sume- intelixencias colectivas que abonden nunha maior cooperación e colaboración entre ambas partes permitindo un mellor uso dos medios e servizos públicos.

Visto os antecedentes expostos os obxectivos inmediatos do convenio deben adecuarse aos seguintes:

- **Apostar por reforzar o dinamismo, innovación e adaptación permanente , promovendo a innovación como valor de cambio**
- **Potenciar o aproveitamento das sinerxías entre o comercio e turismo e outros sectores relacionados.**

Apostar por seguir consolidando un modelo comercial de proximidade, creador de emprego, profesional, cunha oferta comercial diversificada, plural, dinámico e innovador

A duración do presente convenio establecece inicialmente en tres anos, a contar dende a data da sinatura deste Convenio, podendo ser prorrogable unha sóa vez, antes da súa finalización, por **un** período de igual duración ao inicial, se así o determinan ambas partes de maneira expresa, cos acordos correspondentes.

SEGUNDO.- DA COMISIÓN XESTORA MIXTA.-

Para o desenvolvemento de estas actuacións, aprobouse en pleno do Concello o presente convenio e tamén polo órgano competente de ACISA, así como en execución do mesmo a constitución dunha Comisión Mixta Xestora, de carácter consultivo, que asumirá o compromiso do control e seguimento de todas as actuacións que establece este documento ou que poidan derivarse do mesmo.

A Comisión Xestora Mixta terá a función básica, polo tanto, de dinamización e impulso da correcta implantación e o adecuado funcionamento do formato comercial de Centro Comercial Aberto en Ribadeo, actuando como un órgano de interlocución cualificado dos empresarios e profesionais integrantes do Centro Comercial Aberto, representados por ACISA ante o Concello, e de ámbalas dúas entidades ante o conxunto da cidadanía.

Esta función de dinamización e impulsión levarase a cabo mediante propostas de ámbitos en que se fai necesaria a intervención da Corporación Local para que exerza a súa potestade reguladora ou para a axilización de trámites administrativos ou adopción doutras medidas no ámbito da súa competencia:

- a) Petición de Informes técnicos.
- b) Propostas que previamente aprobadas polos dous terzos da Comisión Xestora Mixta consultiva se elevarán ó órgano competente municipal para sometelas á súa aprobación e que poderán versar sobre as seguintes materias:
 - 1.- Materias urbanística, arquitectónica ou de asuntos relacionados co casco histórico.
 - 2.- Tráfico e mobilidade.
 - 3.- Materia de comercio.
 - 4.- Materias de cultura, turismo ou promoción da Vila.
 - 5.- Materias legal, económica ou presupostaría, incluíndo a creación ou modificación de Ordenanzas.
 - 6.- Materia medioambiental.
 - 7.- Intermediación con outras Institucións públicas.
 - 8.- Materia de fomento da actividade empresarial e comercial na zona do Centro Comercial Aberto.
 - 9.- Con carácter xeral todos aqueles asuntos que poidan mellora-lo formato comercial do Centro Comercial Aberto.

Corresponderá tamén á Comisión Mixta a emisión dos seguintes informes:

- a) Informe dun plan de acción anual que conterá as accións a realizar no exercicio seguinte, así como o seu presuposto económico. Tal informe do plan deberá ser obxecto de debate antes do 1 de decembro da anualidade anterior á súa vixencia.
- b) Informe de control que conterá unha avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados a principios de ano e servirá como ferramenta para a mellora das previsións futuras. O informe deberá estar realizado e debatido na Comisión Mixta Xestora antes do 1 de marzo do exercicio seguinte ó da anualidade a que se refira.

Esta comisión estará integrada por sete membros, os que terán a seguinte procedencia:

- Alcalde- Presidente do Concello
- Presidente de ACISA
- 2 membros do equipo de Goberno da Corporación Local
- 1 membro representante do resto de grupos políticos
- dous membros de ACISA integrados no proxecto de Centro Comercial Aberto designados pola mesma.

De producirse durante a vixencia do convenio ou da súa prorroga unha variación no número ou identidade dos grupos da Corporación corresponderán sempre dous membros ó equipo de goberno da Corporación Local e un os restantes grupos políticos da Corporación.

A Comisión estará presidida sempre polo Alcalde ou por aquel quen legalmente o substitúa.

A Vicepresidencia reaeerá no persoa que exerza a presidente de ACISA.

A Secretaría da Comisión Xestora Mixta será desenvolva pola persoa á que corresponda a referida función segundo quen sexa a persoa que ostenta a Presidencia, e segundo a propia normativa interna das partes asinantes , podendo corresponder a persoal dependente da entidade de procedencia do titular do cargo de presidente ou segundo se acorde pola propia Comisión Xestora e, en todosos casos, independentemente da súa procedencia, actuará con voz pero sen voto .De cada reunión formal da Comisión Xestora se levantará a acta correspondente que se remitirá a cada membro do órgano.

O mesmo tempo ás reunións da Comisión Xestora Mixta poderán ser convocados polo Presidente, con voz pero sen voto, tanto persoal técnico da Corporación local ou Concelleiros que se considere adecuado por razón da competencia ou actividade en función das materias que sexan obxecto do exame , como membros de ACISA ou persoal externo asesor ou colaborador da mesma .A convocatoria a persoal de calquera das partes asinantes do convenio, deberá, previamente ser aceptado pola parte da que depende o referido persoal.

Igualmente poderá invitarse pola Presidencia ou pola propia Comisión, con voz e sen voto, e a representantes ou persoal técnico doutros organismos públicos ou institucións privadas con competencias en materias de comercio, industria, ou vencellados as actividades obxecto deste convenio.

A Comisión deberá levar a organización e execución de todas as actividades que permitan ter o apoio de todos os axentes necesarios, e así acceder as vías de financiamento previstas pola Consellería competente.

A realización de todas as actuacións será de forma conxunta polo Concello de Ribadeo e a ACISA, a través da planificación da citada Comisión Mixta Xestora. De esta forma, ambas institucións comprométense a utilizar todos os recursos e medios técnicos e humanos que posúen para o seu desenvolvemento.

De semellante maneira o Concello de Ribadeo e ACISA ,comprométense a utilizar todos aqueles recursos económicos que se obtiveran para este obxecto a través de axudas de outros organismos, así como calquera outra achega que sexa posible establecer, de fondos alleos e/ou propios.

En ningún caso a Comisión Xestora asumirá a Xerencia directa do Centro Comercial Aberto posto que a responsabilidade do Centro Comercial Aberto é da Asociación de Comerciantes.

A Comisión Xestora acordará o seu propio réxime de funcionamento interno, se ben queda establecido que se reunirá con carácter ordinario un mínimo de catro veces ó ano,e con carácter extraordinario,cando a importancia ou urxencia dos asuntos así o requira, por iniciativa do Presidente ou dun terzo dos membros da Comisión.

O obxecto e duración desta Comisión Xestora Mixta queda vencellado de maneira directa ó obxecto e duración do Convenio Marco de Colaboración que o ampara.

TERCEIRO.-

A)COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBADEO

O Concello de Ribadeo, asume mediante a sinatura do presente convenio, os seguintes compromisos, para o impulso, implantación e consolidación do Centro Comercial Aberto de Ribadeo, os cales serán supervisados, en todo momento, pola Comisión Xestora Mixta:

- O Concello aportará tanto os recursos técnicos necesarios, como a achega económica necesaria, dentro das súas dispoñibilidades presupostarías , para acometer as actuacións do programa urbanístico-comercial entre os que se sinalan os seguintes

- Continuar na liña de traballo orientada á humanización e rehabilitación do centro urbano mediante a rehabilitación integral , semipeonalización ou adopción de melloras orientadas á modernización do espazo urbano comercial, aglutinando en diferentes programas, plans,ordenanzas e normas necesarias para levar a cabo a dinamización comercial de dito espazo.

- Mellora de mobiliario urbano, que poda ter incidencia

- Continuar coas políticas de impulso do estado e mantemento correcto das fachadas e estados dos inmobles en xeral de Ribadeo.

- Mercado municipal: Levar a cabo medidas e actuación de cara a renovar este equipamento.

- En xeral todas aquelas actuacións que a corporación considere oportunas, en defensa dos intereses do sector comercial e que teñan como obxectivo a mellora da competitividade, calidade e capacidade de atracción do comercio así como a creación de emprego dentro da vila de Ribadeo.

Polo tanto, para a elaboración de proxectos de execución de obras públicas, o Concello convertese no organismo encargado do seu financiamento e execución, sempre ó amparo dos estudos, propostas e contidos que se fixen dende a Comisión Mixta Xestora.

A cantidade total de inversión pública que sexa necesaria para a execución do proxecto, será obxecto de estudo unha vez analizadas todas as circunstancias e realizados os estudos previos. En calquera caso, débese asumir o compromiso de rendabilizar ó máximo a inversión, non abandonando na medida do posible, as actuacións previstas no estudio de viabilidade inicial.

b) Compromiso de apoio económicos funcionamento do centro Comercial Aberto mediante a achega de 42.000 euros, por todos os conceptos, durante o período 2017-2019 a repartir anualmente en base a presuposto aprobado, co obxecto de perseguir os obxectivos e actuación propostos neste convenio., como subvención a ACISA para o Programa de Centro Comercial Aberto deberá efectuarse de acordo coa vixente Lei de Subvención.

c) Inicialmente se efectúa a previsión seguinte:

-Exercicio de 2017: **14.000** euros para accións que se inicien e se desenvolvan durante esta anualidade.

-Exercicio de 2018: **14.000** euros.

-Exercicio de 2019: **14.000** euros

d) Anualmente será preciso establecer un acordo ou convenio concreto de concesión que subscribirá a aplicación do presente acordo e que deberá recoller entre outras mencións o contido mínimo a que se refire o artigo 65 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións entre o que se inclúe o réxime de xustificación da mesma.

d) Asemade neste convenio anual se concretará a distribución do orzamento e os conceptos de cada anualidade, debendo concretar debendo ser aprobado polos dous terzos dos membros da Comisión Mixta.

e) Este convenio anual deberá ir acompañado dunha memoria de impacto económico en cumprimento do artigo 50 da Lei 40/2015 , de 1 de outubro, así como determinar e concretar achegas financeiras e gastos que se deriven no convenio dacordo co artigo 49.d) da mesma norma que determina que o convenio debe recoller as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes.

B) COMPROMISOS DE ACISA

B1 OBXECTIVOS E MEDIDAS

Para os anos de vixencia do presente convenio ACISA se compromete a desenvolver baixo este convenio, segundo as medidas que se enumeras máis abaixo as accións seguintes:

- Apostar polo reforzar o dinamismo, innovación e adaptación permanente:

Contribuíndo a asentar as bases e os mecanismos para reforzar o dinamismo, a innovación e adaptación permanente do comercio as novas situacións, apostado pola formación:

- Realizará alúmenos unha programación de cursos e/ou proxectos que respondan e faciliten a introdución e capacitación das TIC que abonden na competitividade do comercio local.

- Potenciar o aproveitamento das sinerxías entre o comercio e turismo e outros sectores relacionados:

Asentar as bases para establecer unha interrelación entre o comercio e outras actividades (turismo, cultura e novas tecnoloxías, o sector da creatividade etc..) que permitan capitalizar ao máximo o consumo asociado a estes sectores.

Neste senso se compromete a desenvolver proxectos dentro das áreas seguintes:

- **Colaborar no deseño, execución e desenvolvemento das Edicións do Ribadeo Indiano.**
- **Participación feiras e eventos turísticos.**
- **Apostar por seguir consolidando un modelo comercial de proximidade, creador de emprego, profesional, cunha oferta comercial diversificada, plural, dinámico e innovador.**
Na anualidade de 2017 e/ou 2018 comprométese a desenvolver unha campaña de fomento de comercio local e próximo que deberá contemplar alúmenos os seguintes aspectos:
 - Desenvolvemento dun espazo en internet asociado a este proxecto.
 - Campañas publicitarias en RSS e cooperación cos medios locais de información.
 - Eventos concretos que fomenten o comercio local
 - Etc..

Polo que atinxe a ACISA por parte da mesma adoptase ante o Concello o compromiso de executar e prestar unha serie de servizos, e adopción de compromiso , que se sinalan de seguido:

B2 Compromisos adquiridos

ACISA comprométese no marco deste Convenio de colaboración fronte ó Concello ás seguintes cuestións:

- En materia organizativa manterase unha oficina técnica para dirixir ó centro comercial aberto a cal tera como prioridade manter a contratación dun persoa xerente.
- Facer mención da participación e patrocinio do Concello de Ribadeo en calquera actuación de comunicación, publicidade, propaganda, etc. que se realice en desenvolvemento das actuacións do Centro Comercial Aberto.
- A promoción do uso do galego no marco da Lei de normalización lingüística de Galicia en tódalas actividades de comunicación e publicidade do Centro Comercial aberto e entre as empresas e profesionais da zona.
- Colaboración nas actividades ambientais do Concello de Ribadeo mediante a promoción da reciclaxe dos residuos que se xeren e utilización de materiais reciclados e / ou reciclables nas actividades do comercio e os servizos, apoio en medidas de aforro enerxético ou outras conducentes a unha mellora ambiental actuando como colaboradora a través dos seus asociados para a mellora ambiental, de calidade de vida e estética e de cumprimento das ordenanzas , bandos e instrucións municipais de servizo das áreas onde se desenvolve o proxecto de Centro Comercial aberto.
- Facilitar a utilización dos aparcadoiros públicos e / ou privados (que se poidan crear nun futuro) ós clientes do Centro Comercial Aberto, mediante a oportuna difusión publicitaria así como mediante a distribución de tiques por compra (no seu caso) ou polo sistema que se estableza.
- O fomento e acollida das empresas e profesionais ó servizo de Arbitraje do Instituto Galego de Consumo e especificamente á OMIC local.
- Como actuacións básicas a desenvolver, plantéxase ademais do xa relacionado:

En materia promocional, dende a Comisión Mixta Xestora planificaranse e executaran todas aquelas actuacións de divulgación e promoción, para que a través de xornadas, encontros ou seminarios, e campañas consígase a creación de un movemento comercial, que leve á implicación nunha xestión común de todos os empresarios afectados e unha difusión da imaxe corporativa do CCA Ribadeo.

Estas actividades se estiman derivaran un gasto estimado de 60.000 euros nas tres anualidades.

CUARTO.- A Comisión Mixta Xestora, e polo tanto o Concello e ACISA convértense neste momento en partes implicadas e , polo tanto, actúan conxuntamente para conseguir os fins considerados, sendo compromiso e obrigaón de ambos , executar todo o planeado no presente Convenio. Neste sentido, a Comisión Mixta Xestora é autónoma para definir , como proposición,ó amparo de este convenio calquera actividade que teña que levar a cabo, sen prexuízo do necesario acordo daquelas decisións que

obrigatoriamente que deban ser aprobadas polos órganos de goberno de ambas institucións.

QUINTO.- Os comerciantes emprazados dentro da zona de Centro Comercial Aberto, definen o seu compromiso de participación e xestión baixo a fórmula xurídica que se considere mais oportuna en cada intre, que en principio establececese dentro da asociación de empresarios e comerciantes (ACISA). En calquera caso, ACISA, como organismo promotor, e cos compromisos de comerciantes poderá executar calquera representación neste sentido. De formalizarse baixo unha persoa xurídica propia os comerciantes do Centro Comercial Aberto o Concello poderá rescindir este convenio antes do seu vencemento e asína-lo procedente coa nova persoa xurídica.

SEXTO.- A realización de calquera actividade que se leve a cabo no ámbito de aplicación do Convenio sempre irá acompañada da rúbrica “ Comisión Mixta Xestora C.C.A. –Concello de Ribadeo-ACISA”, e cos logotipos ou escudos de ámbalas dúas entidades.

SÉTIMO.- Facultase á Comisión Mixta Xestora, a que por unanimidade, propoña ós órganos de goberno de ambas entidades a modificación, renovación ou ampliación dos presente acordos.

E en proba de conformidade e aceptación, as partes, e os representantes dos grupos municipais do Concello de Ribadeo, como membros da Comisión Mixta Xestora, firman o presente acordo, por cuadruplicado, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes, no lugar e data indicados no encabezamento.”

SEGUNDO: Aprobar o gasto plurianual que supón para o concello o financiamento do convenio en cuestión, cuns importes de 14.000 euros para cada unha das anualidades de 2017, 2018 e 2019, de acordo co disposto no artigo 174.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO: Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio e para a realización dos trámites precisos para o efectivo cumprimento do presente acordo.

8.- EXPEDIENTE Nº 917/2017 RELATIVO Á DERROGACIÓN DA OF T23 REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a proposta de 15/03/2017 de supresión da taxa polos servizos da Biblioteca Municipal e derogación da ordenanza fiscal T23, asinada pola propia bibliotecaria municipal e concelleiro de cultura, que se basea esencialmente nas esixencias da Lei 5/2012, de 15 de xuño de bibliotecas de Galicia, necesidade que se pon de manifesto cando se recibe desde a Subdirección Xeral de Bibliotecas unha proposta para a incorporación da Biblioteca “El Viejo Pancho” ao novo Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria (SIXB).

Considerando que a citada Lei 5/2012, de 15 de xuño de bibliotecas de Galicia dispón entre outros que son principios e valores de actuación aplicables en materia de bibliotecas “a **gratuidade dos seus servizos, como mínimo os de consulta, préstamo persoal e colectivo, acceso á internet**”, e que entre as funcións das bibliotecas públicas recolle “**poñer á disposición da cidadanía os seus fondos bibliográficos e recursos informativos de maneira libre e gratuíta, mediante a súa consulta en sala, en rede, ou mediante o seu préstamo nas súas diferentes modalidades**”

Visto que a Biblioteca municipal “El Viejo Pancho” por Resolución do 2 de setembro de 1996 queda inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia, co número 192, acordo publicado no DOGA nº 185 do venres, 20 de setembro de 1996, e integrada na Rede de Bibliotecas de Galicia por Resolución do 24/11/1997, publicada no DOGA nº 239 do xoves 11 de decembro de 1997.

Considerando que os servizos polos que se cobra a taxa vixente no concello, segundo o artigo 1 da ordenanza fiscal T23, son:

- a) O ser socio da Biblioteca Pública, que implica o servizo de empréstito a domicilio dos libros que forman parte da Biblioteca Municipal.
- b) O servizo de conexión a Internet nos ordenadores que existen para uso público na Biblioteca Municipal

Visto o informe emitido pola Intervención municipal de data 17/03/2017

Tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.
- Os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, supresión, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.
- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.
- Os artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas locais.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. – Aprobar con carácter provisional a supresión da Taxa polos servizos na biblioteca municipal e en consecuencia derrogar a Ordenanza Fiscal T23 Reguladora da Taxa polos servizos da Biblioteca Municipal

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a derogación definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

Intervén o concelleiro delegado de Cultura Sr. Graña Rama que sinala brevemente que se trata de aproveitar que a Biblioteca se vai a incorporar a un novo sistema de información para toda Galiza que vai substituír ao actual “meiga” e proceder á derogación do pagamento da taxa que aínda que é simbólica débese ser coherente cos novos sistemas.

Explica a urxencia da proposta no senso de resolver canto antes e non ter que esperar ao próximo pleno xa que así se pode evitar o pagamento da mesma dende agora.

O concelleiro do Grupo Popular agradece a explicación e considera que ninguén se vai poñer en contra xa que se evita unha taxa.

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda:

Primeiro. – Aprobar con carácter provisional a supresión da Taxa polos servizos na biblioteca municipal e en consecuencia derrogar a Ordenanza Fiscal T23 Reguladora da Taxa polos servizos da Biblioteca Municipal

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a derogación definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

9.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 16 DE DECEMBRO DE 2016 E O 31 DE XANEIRO DE 2017 (EXPT. 1796/2016). MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS.

***MOCIÓNS:**

1.- DO BNG SOBRE APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155 (EXPT. Nº 770/2017)

Por parte da Alcaldía sinálase que se atopan entre o público tres persoas familiares de vítimas do accidente. De seguido cede a palabra ao portavoz do Grupo do BNG-Asembleas Abertas D. Xosé Farruco Graña Rama que pasa a ler a Moción que se transcribe:

MOCIÓN PARA DAR APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO *ALVIA 04155

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 leva un tempo loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. Este accidente ferroviario, no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145, é o máis grave da historia da democracia española.

Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza en sentido amplo, esixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode fin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por iso se fai necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puidesen derivarse do devandito accidente ferroviario.

A marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas; nun exercicio de responsabilidade consideramos

necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado, e dalles o noso apoio expreso.

A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e a incompreensible situación de desamparo na que se atopan e que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso.

Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello nun acto de responsabilidade e compromiso queremos contribuir ao recoñecemento e dignificación ds vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG Asembleas Abertas, presenta para o seu debate e posterior aprobación en pleno a seguinte

MOCIÓN

- 1- Dar apolo expreso á Plataforma de Vitimas do *Alvia -04155
- 2- Solicitar ao Goberno do Estado que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.
- 3- Solicitar ao Goberno do Estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.”

Os portavoces dos Grupos municipais Mixto-Cidadáns, Socialista e Popular mostran a súa conformidade.

Polo Sr.Alcalde procédese á lectura dun documento que lle foi entregado por un representante da Plataforma de vítimas, no nome da mesma, co seguinte contido:

“Boa tarde, en nome da Plataforma Vítimas Alvia 04155, en primeiro lugar queremos agradecer ó grupo Municipal BNG a iniciativa de presentar esta moción, así como ós grupos do Concello de Ribadeo que se sumaron a ela.

Ó longo destes tres anos e oito meses dende que ocorreu o accidente do tren de Alta velocidade en Santiago de Compostela, as vítimas tivemos que sufrir, ademáis das consecuencias do mesmo —81 persoas falecidas e 145 feridas, algunha delas con lesións irreversibles - o ninguneo, o trato inhumano, a humillación, as mentiras, a ocultación e a ausencia de colaboración coa Xusticia por parte do Goberno e de moitas institucións públicas, ademáis da conducta cara ás vítimas por parte de políticos concretos, con nome e apelidos, que- desgraciadamente- siguen hoxe ocupando diversos postos de representación e de responsabilidade nas institucións, algún deles cambiados de postos e outros, os máis importantes, ascendidos de categoría.

Dende un principio, as vítimas reclamamos una Comisión de Investigación Parlamentaria, na que se depuren responsabilidades políticas, que existen dende o momento no que o ministerio de Fomento e as empresas públicas ADIF e RENFE publicitan a liña e o tren coma de Alta Velocidade, enganando gravemente á "cidadanía dicíndonos que contaba coa maior seguridade, a última tecnoloxía e sistemas de conducción automática. Para a nosa desgracia podemos comprobar que non se cumprían ningún dos requisitos de seguridade que exige este tipo de ferrocarrís, o que quedou absolutamente claro na causa xudicial.

Varias decisións do goberno anterior e do actual cando estaba en funcións, comprometeron a seguridade dos viaxeiros.. O accidente podíase ter evitado se non se tivera cambiado o proxecto orixinal no 2010 ,cando era ministro José Blanco.

Tampouco tivera ocorrido si non se desconectara o sistema de conducción automática ERTMS en Xuño do 2012, sendo ministra Ana Pastor. E por si eso fose pouco, altos cargos de RENFE e ADIF recibiron por escrito a advertencia de perigo do Xefe dos Maquinistas de Ourense, Sr. Iglesias Mazaira, e non tomaron ningunha medida.

Pese a todo o anterior, como os señores concelleiros saberán, no Parlamento Español, o PP votou 4 veces en contra de que a proposta da creación dunha Comisión de Investigación Parlamentaria fose a Pleno. Finalmente, o 16/10/2013, debatiuse en Pleno unha Moción de IU propoñendo a creación da Comisión . Votaron en contra PP,PSOE,CIU e PNV. Esta é a historia, Sres Concelleiros, esta é a historia.

As vítimas tivemos que soportar, ademáis, multitude de afrentas. Unha das máis viles foi o 24 de Xullo de 2014, un ano despois do sinistro, á entrada dun acto na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, que-se supuña- era para honrar a memoria das propias vítimas e as súas familias, non somente non nos deixaron entrar á inmensa maioría das vítimas se non que ,non conformes con iso, enviaron ás forzas antidisturbios para impedirnos ó paso. Ningunha persoa do Goberno de Galicia veu a darnos unha explicación, ninguén tivo un atisbo de compaixón e de humanidade cara a nós.

Pero o ocultismo que as vítimas, como cidadáns de pleno dereito que somos, tivemos que soportar por parte das institucións non remata ahí. Cando se publica a Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bó goberno, as vítimas dirixímonos ó Ministerio de Fomento por escrito, solicitando algunhas aclaracións no que respecta ó desenrolo da liña de Alta velocidade, no tramo Ourense-Santiago, así como as características do tren Alvia 5730 e os seus respectivos costes, xa que nos resulta difícil de entender cómo, según datos aparecidos nos medios de comunicación, se podían gastar 164 millóns de euros de todos os cidadáns nun sistema de freado automático (ERTMS) que nunca funcionou correctamente; ou que aforro supuxo o cambio do proxecto orixinal; ou en qué se empregaron os máis de 58 millóns de euros adxudicados, 24 días antes das Eleccións Xerais do 2004, á empresa OHL no tramo de Alta Velocidade Boqueixón —Santiago, de 5,8 km de lonxitude e con unha curva- na que se produciu o accidente- trazada nos anos 40 e que, según parece, apenas sufriu modificación algunha.

Pois ben, ¿saben os Sres Concelleiros cal foi a resposta do Ministerio de Fomento? Contestámonos con evasivas, remitíndonos ó Perfil do Contratante e a dous enlaces en Internet. E cal non sería a nosa sorpresa cando nos atopamos que en ambos puña "páxina non atopada". Como poderán comprobar unha transparencia total e absoluta.

O erro humano existe, non cabe dúbida; pero é moito máis doado que se produza cando se desconecta o sistema de seguridade para evitar retrasos, se cambia o proxecto orixinal por un menos seguro, cando se desóien as advertenzas de perigo, cando o conductor dun tren de Alta Velocidade que ten que circular a 200 km/h e reducir bruscamente a 80km/h, sin sinais laterais nin balizas e ten que orientarse mediante "referencias persoais" (contar túneles, ver un chalet con piscina ou unha valla, como está explicitado na causa), ademáis de ter que atender as chamadas corporativas e ó mesmo tempo, ir mirando unha "chuleta" escrita que, aínda por riba, contiña erros.

Todos estes feitos que somentes son un pequeno "apunte" do que estamos a soportar dende que se produciu o sinistro, é o que nos leva a insistir na necesidade dunha Comisión de Investigación Parlamentaria no Congreso dos Diputados, donde se sacudan e levanten alfombras e se coñezan, con luz e taquígrafos, todos os entramados técnicos, económicos e negligentes que hai detrás deste accidente. E dende logo non nos cabe nin a máis mínima dúbida de que onde non existe transparencia é porque hai algo que ocultar. ¿Qué é o que se trata de ocultar neste caso ou a quen se intenta protexer?

Convidámonos encarecidamente a que vexan o documental Frankenstein 04155 ,premiado na Semana Internacional de Cine de Valladolid-SEMINClque despois de dous anos de investigación, consultas a inxenieros e expertos ferroviarios expón dunha maneira clara as NEGLIXENCIAS COMETIDAS tal e como dixo a xornalista Julia Otero tras o visionado "les recomiendo que vayan a verlo, Frankenstein 04155, ES DEMOLEDOR"

As vítimas non poderemos descansar xamáis se non sabemos absolutamente toda a verdade sobre o que hai detrás do sinistro e, ademáis, consideramos que temos dereito a elo, nós e máis o resto dos cidadáns, xa que é o único xeito de que nada semellante se repita.

Reiteramos o noso agradecemento ó Grupo Municipal do BNG e ó resto de grupos que se sumaron a esta iniciativa, porque con elo amosan que algo está a cambiar no noso país e que

os modos e maneiras de facer política ata agora quedan tan só para a historia.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á mesma nos seus propios termos.

2.- DO GRUPO POPULAR RELATIVA A INSTAR Á XUNTA DE GALICIA PARA INICIAR OS TRÁMITES DE DECLARACIÓN DA FESTA DE NOSA SEÑORA DAS VIRTUDES “AS CRUCES” COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO REXIONAL. (EXPT. N° 797/2017)

Dase conta da Moción do Grupo Popular que se transcribe:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INICIAR OS TRÁMITES PARA DECLARAR A FESTA DE NOSA SEÑORA DAS VIRTUDES, “AS CRUCES”, NA PONTE, ARANTE, RIBADEO COMO FESTA DE INTERÉS TURÍSTICO REXIONAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dado que no noso Concello, Ribadeo, se leva celebrando de forma ininterrumpida, dende fai ben máis de vinte anos, a festa das "Cruces", na Ponte, en Arante.

E vista a lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, recollendo no seu capítulo VII un capítulo específico para a promoción e o fomento do turismo, no cal no seu artigo 93 prevé a declaración de festas de interés turístico de Galicia. Está recollida no Decreto 41/2015 do 8 de xaneiro do 2015, polo que se regula a declaración de festas de interés turístico de Galicia, na que se dispón que dita declaración se otorgará a aquelas festas ou acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais e tradición popular, con especial consideración as súas características etnolóxicas e que teñan especial importancia como atractivo turístico.

Polo anteriormente exposto, proponse o Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo.

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación Municipal de Ribadeo acorda:

- 1- Iniciar expediente para a declaración da Festa das Cruces, na Ponte, Arante, Ribadeo, como festa de interés Turístico Rexional.
- 2- Enviar o expediente para o inicio dos trámites a Axencia de Turismo de Galicia.”

Intervén o Concelleiro do Grupo Popular D.Jesús López Penabad que explica que tomaron a iniciativa despois de falar cos veciños, indica que contan cun Deputado no Parlamento para axudarlles no trámite.

D.Ana María Martínez Fernández, do Grupo do BNG explica que eles non teñen deputado, pero que tampouco o consideran preciso para ese traballo. Indica que dende o seu grupo creen que a Festa das Cruces reúne por si mesma os requisitos para ser declarada Festa de Interese Turístico Rexional, que é o que se precisa para o trámite, e non un Deputado.

Di que no contido da moción non indicaron os requisitos para o trámite e pasa a enumeralos e a explicar o contido da festa (a antigüedad, a súa singularidade, o arraigo, valor histórico e cultural, accións promocionais)

Explica que están de acordo co contido da moción, pero non nas formas. Opina que o grupo municipal do PP quere aproveitar unha festa do pobo con fins políticos, partidistas e mediáticos. Indica que dende fai tempo levan traballando neste expediente para conseguir a declaración da festa de interese rexional e que estaban convocados a unha reunión, a cal foi cambiada. Di que ao final a reunión so foi unha visita mediática onde estaba o Deputado cun comunicado de prensa e sen máis sustancia.

Di que na moción se insta a iniciar os trámites, pero que ata agora non achegaron ningunha memoria explicativa que xustifique o cumprimento dos requisitos.

Explica que dende o Concello si están a traballar nesa memoria, consultando con distintas fontes, para poder conseguir que se declare a festa como de Interese Turístico de Galicia.

Reitera que creen que o grupo municipal do PP so busca rendemento político; indica que no texto da moción piden a declaración como festa de interese turístico “Rexional”, pero que na lexislación non ven recollida esa denominación, e que ese termo “rexional” retrotraeos a épocas pasadas, obviando a loita que houbo para que Galicia se declarase nación histórica. Opina que o grupo municipal do PP está a desmerecer a historia de Galicia.

Manifesta que cando o Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas teña rematada a memoria explicativa e a documentación anexa se levará ao pleno para aprobar o inicio do expediente. Indica que non o van facer de calquera forma, que o farán dando dignidade á festa, polo que o seu voto vai a ser que non.

Dona Marta María Saiz García, do Grupo mixto-Cidadáns manifesta que se vai abster.

Dona Aurora González Ginzo, do Grupo municipal do PSG-PSOE indica que se van abster.

D.Jesús López Penabad indica que pretendía ser breve para non extender o Pleno. Explica que a intención deles era baseada non interese propio dos veciños; referente á memoria, opina que non é precisa para inciar esos trámites, que se pode ter primeiro o acordo plenario e logo elaborala.

Referente aos problemas que tivo o Goberno municipal para a reunión sobre este asunto opina que é un asunto político que non ven a conto.

Indica que propuxeron a moción por petición veciñal e que creen que a festa reúne todos os requisitos enumerados pola concelleira D^a Ana María Martínez, pero que como eles non o ven así, eles so son 4 que están na oposición.

Sometida a votación a Moción resulta rexeitada por catro votos a favor dos membros do Grupo Popular, dez en contra do Grupo do BNG e 3 abstencions (dúas dos membros do PSG-PSOE e unha da concelleira do Grupo Mixto).

3.- DO PSG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE PASARELA Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA INSTALAR NO CEIP GREGORIO SANZ.(EXPTE. Nº 946/2017).

Dase conta da Moción presentada polo PSG-PSOE que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do Colexio CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo demanda dende hai tempo á Consellería de Educación que constrúa unha pasarela cuberta, que una a entrada das instalacións ata a porta do edificio do centro educativo. Advirten que xa que cada vez que chove con contundencia, algo bastante habitual en Galicia, os nenos chegan completamente empapados ás aulas, coas consecuencias e incomodidades que isto conleva.

Esta situación provoca malestar na ANPA que xa se puxo en contacto co Concello, co fin de que realizara un informe técnico sobre a posible construción desta pequena infraestrutura, e que segundo estes datos a pasarela tería un custe aproximado deeuros. A Consellería de Educación conta cun orzamento de 2,3 millóns de euros para esta anualidade, polo tanto este investimento non suporía unha gran eiva nas súas contas.

A ANPA considera imprescindible esta infraestrutura xa que sinalan que non é unha obra de moito custe, e ademais contribuirá a mellorar a calidade de vida dos alumn@s do Colexio. O CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo abrangue os ciclos de Educación Infantil (3 e 6 anos) e Primaria (6 a 12 anos), e actualmente conta cun alumnado de 379 alumnos, dos cales 131 son de Infantil, 248 de Primaria.

Así as cousas, e facéndonos eco das reclamacións da ANPA do CEIP Gregorio Sanz de

Ribadeo, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno Municipal a presente MOCIÓN, solicitando a adopción do seguinte acordo;

- Que o Concello de Ribadeo inste á Consellería de Educación a que constrúa unha pasarela cuberta, que una a entrada das instalacións ata a porta do edificio do CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo.”

Intervén a concelleira Dona Aurora González Ginzo que explica o contido da moción.

Dona Marta María Saiz García di que este tema xa saiu unha vez en rogos e preguntas e opina que si é necesario.

D.Jesús López Penabad, do Grupo Popular manifesta que están de acordo coa moción.

O Sr. Alcalde di que no anterior pleno xa se explicou que non é unha cuestión de mantemento obrigatoria para o Concello, sendo a competencia da Consellería. Indica que non teñen problema en levar a cabo o contido da moción.

Sometida a votación a Moción de referencia resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

Antes de pasar ao turno de Rogos e preguntas intervén a concelleira do PSG-PSOE Dona Aurora González Ginzo e **pide someter á consideración do Pleno a urxencia dunha moción que rexistraron o outro día referente ás obras e próxima apertura dun hotel na Illa Pancha.**

Pásalle o texto aos membros do Pleno, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de decembro de 2013, o ente público Puertos del Estado do Ministerio de Fomento presentou o Programa Faros de España, cuxo obxectivo era reformar algúns dos faros inutilizados para a súa conversión en instalación hoteleiras sen embargo, a 15 de Marzo de 2017, non se chegou a poñer en marcha ningunha destas instalacións.

A causa principal de que estes proxectos non fosen adiante é a rexeita dos concellos e de diversos movementos veciñais, que ven nestes proxectos unha privatización encuberta duns bens públicos e propoñen o seu uso para fins culturais ou sociais de interese comunitario. Concretamente, en catro concellos da Costa da Morte (Camariñas, Fisterra, Muxía e Carnota), existe unha rexeita importante da veciñanza a este tipo de proxectos e son os propios alcaldes os que defenden usos alternativos de carácter social.

O proxecto de hotel ou apartamentos turísticos no Faro da Illa Pancha de Ribadeo é, na actualidade, o mais avanzado deste programa e, como é sabido, as obras de remodelación estanse executando dende hai algúns meses.

Os trámites iniciais do proxecto son descoñecidos porque non foron publicitados nas primeiras fases do expediente, cousa que non está sucedendo noutras localidades.

O BOE do 30 de maio de 2014 publica o anuncio da exposición pública da solicitude C-770 cursada pola empresa Eirobra A Mariña SL. A exposición ten lugar nas dependencias da Autoridade Portuaria en Ferro; durante vinte días hábiles. O proxecto non se expón en Ribadeo nin o Concello require á Autoridade Portuaria a tal fin.

A primeira información pública que coñecemos deste proxecto é un artigo publicado polo diario El País o día 25 de Abril de 2015. Nese artigo aparecen unas declaracións do Sr. Alcalde onde afirma que o proxecto é un premio pola contención urbanística.

A segunda noticia pública é a nota de prensa do Ministerio de Fomento na que se informa do acordo do Consello de Ministros do 22 de maio de 2015 autorizando o uso hoteleiro do faro da Illa Pancha e dando conta dun informe favorable do Concello de Ribadeo. Nestas datas xorden

diversos movementos sociais en Ribadeo e ternos contabilizadas catro peticións de información ao concello que lamentablemente non foron atendidas.

Ate decembro do mesmo ano non se produce o primeiro contacto entre representantes do Concello e do Colectivo Por Nuestro Faro, que neses intres xa tiña mais de 750 adherentes na rede social "Facebook", a gran maioría persoas de Ribadeo ou nadas en Ribadeo.

Con data 22 de Xuño de 2015, o Presidente da Autoridade Portuaria asina unha resolución cuxo último parágrafo di: "RESUELVE emitir INFORME FAVORABLE sobre el proyecto para uso hotelero y cafetería en el antiguo faro de la Isla Pancha...". Nas consideracións previas hai unha breve referencia á memoria económica que esixe o artigo 84-d do RDL 212011, dándose por entendido que a devandita memoria económica incluíría os rendementos do hotel e mais da cafetería, que como é sabido non figura no proxecto actual.

O día 30 de Xuño de 2015 a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao aproba a concesión solicitada, incluíndo seis parcelas da Illa que suman en total 500 metros cadrados, nas que se instalarán o hotel previsto no edificio do antigo faro, unha cafetería exterior e outros servizos. Nesa resolución autorízase un aparcamento para catro vehículos pero nos planos das parcelas citadas non aparece un espazo destinado concretamente a esta finalidade. Tampouco se fai mención algunha do uso que os clientes do hotel poderán facer dos terreos da Illa Pancha, que suman 4.376 metros cadrados, nin do eventual acceso a estes terreos por parte dos veciños e visitantes alleos á instalación hoteleira.

Como é sabido, a concesión foi tramitada por vía directa, é dicir sen concurso público, en base ao artigo 83-c do RDL 212011 que autoriza as concesións por vía directa, "cuando la superficie a ocupar por la concesión sea inferior a 2500 metros cuadrados". Entendemos que os terreos da Illa Pancha estarán ao dispor dos usuarios da instalación hoteleira na súa totalidade, polo tanto o cálculo dos 500 metros cadrados iniciais sería erróneo, non sendo que se acoutase un espazo inferior aos 2500 m para uso dos clientes ou se abrise o acceso á totalidade da Illa para veciños e visitantes.

O día 9 de setembro de 2015 a empresa concesionaria presenta no concello a documentación para a solicitude de licenza municipal para a reforma do faro e construción da cafetería. Posteriormente retírase este expediente e preséntase de novo a documentación desdobrando o proxecto en dous expedientes construtivos separados, un para hotel e outro para a cafetería.

O día 12 de Xullo de 2016 a Xunta de Goberno do Concello de Ribadeo acorda conceder a licenza urbanística para a reforma do faro con destino a hotel e denegar a licenza para a cafetería.

Nos días seguintes o colectivo "Por Nuestro Faro" dirixe unha queixa ao Valedor do Pobo de Galicia e outra ao Defensor del Pueblo de Madrid, pero o primeiro inhíbese en favor do segundo.

O día 25 de Novembro de 2016 os medios de comunicación publican unas declaracións do Sr Alcalde de Ribadeo nas que afirma que non se concederá a licenza de apertura do hotel se non permite o acceso dos veciños á Illa Pancha.

O día 16 de febreiro de 2017 recíbese o informe do Defensor del Pueblo no que se manifesta a aplicación incorrecta da normativa vixente, a carencia dunha avaliación ambiental axeitada á Rede Natura 2000 e mais a irregularidade da duplicación dos expedientes de hotel e cafetería, e que remata suxerindo que se corrixan as deficiencias detectadas e se paralicen as obras mentres tanto.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno Municipal a presente MOCIÓN, solicitando a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Que se revisen polo miúdo tódalas fases da tramitación deste expediente e os informes devanditos e se comprobe se se axustan a dereito . Concretamente, haj motivos dabondo para pensar que a falla de exposición pública en Ribadeo, a adxudicación directa, a memoria económica, o desdoblamento do expediente, a falla de resposta pola Autoridade portuaria á proposta de acceso libre e a carencia dos informes medioambientais que especifica o Defensor del Pueblo representan un conxunto de irregularidades manifestas, notorias e continuadas que

esixen unha análise detallada de todas elas.

En coherencia con esta proposta, solicitamos que o Goberno municipal suspenda a concesión da licenza de obras e se ordene a paralización das mesmas mentres non se repaña a legalidade dos procedementos administrativos e quede perfectamente clarificado que cada un dos trámites do expediente se axusta a dereito e que se teñen aportados os preceptivos informes tal como esixe a lexislación vixente. Pola outra banda, solicitamos que tódolos procedementos, informes, datas de emisión e recepción, órgano emisor etc. sexan publicitados integramente para coñecemento dos veciños e colectivos interesados.”

Indica a concellería no uso da palabra que está baseada nun informe do Defensor del Pueblo contra a apertura de dito hotel debido a irregularidades na tramitación do expediente, no cal se suxire que se corrixa esas irregularidades e se pare a obra mentres tanto.

Indica a concelleira que debido aos posibles prexuízos que se poden derivar da continuidade das obras, se debería facer caso á recomendación do Defensor del Pueblo Pobo ata que se comprabe que a tramitación do expediente se axusta a dereito.

O Sr. Alcalde explica que para tratar un asunto fóra da orde do día hai que motivar a urxencia, e preguntalle cal é a súa motivación da urxencia.

Dona Aurora González di que é a que acaba de dicir, que hai indicios de que non se tramitou axeitadamente o expediente e que, según indica o Defensor del Pueblo entenden que se poden causar prexuízos irreparables; por iso consideran que é urxente tratar o asunto no Pleno de hoxe.

Ábrese un turno de debate sobre a urxencia de tratar o asunto no Pleno.

O Sr. Alcalde explica que, aínda que teñan algún coñecemento de Dereito, ningún dos membros do equipo de goberno é avogado; di que polo tanto contan con asesores xurídicos que os informan por escrito.

Indica que na motivación da urxencia se manifesta que “parece ser que hai indicios” e di que nun Estado de Dereito as cousas non se fan porque “pareza ser que hai indicios”; explícalle que non se pode paralizar una licencia porque “pareza ser que hai indicios”, que debe ser por cuestión xudiciais.

Explica que a licencia se concedeu porque os xuristas e os técnicos entendían que así estaba ben feito, e di que a moción non se levou a Pleno porque entenden que cumpriron todos os requisitos.

Manifesta que o Defensor del Pueblo non se dirixeu en ningún momento ao Concello, se non que se enteraron por comentarios e pola información que lles trasladou un grupo de veciños; que o Defensor del Pueblo “recomenda” que se revise o expediente, polo cal se dirixiron aos organismos que emitiron os informes sectoriais para que o revisasen e máis lle comunicaron ao promotor que teñen coñecemento das recomendacións do Defensor del Pueblo.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que as licencias son actos regulados, que teñen que darse se cumpren e non por caerche ben ou mal o solicitante; que sería prevaricación non outorgala cando cumpre os requisitos e os técnicos informan favorablemente; que tamén sería prevaricación non outorgala cos informes a favor, tendo neste caso os informes favorables.

Reitera que ao ter coñecemento do escrito do Defensor del Pueblo lle pediron aos organismos competentes que se pronunciaran, que pasou un mes dende a solicitude e que aínda non recibiron resposta; que solicitou por teléfono que lle contestasen, pero que de momento non o fixeron. Di que xa fixeron dende o Goberno municipal todo o que estaba na súa man e que debido as explicacións que acaba de dar non consideraron urxente a moción e por iso non se levou ao Pleno.

Manifesta tamén o Sr. Alcalde que ao mellor a licencia pode estar mal, e pon o exemplo dunha piscifactoría á que se lle deu licencia porque tiña informes favorables e que despois se anulou por sentenza xudicial. Sinala que ao mellor teñen razón as persoas que protestan polo do faro, pero que eles non son xuíces e que lle corresponde á autoridade xudicial dictaminar iso.

Indica que non van a parar a obra por unha recomendación e que debe ser quen indica que está mal o que acuda á xustiza para que actúe; que pola parte do concello se solicita que se volvan a pronunciar as administracións competentes sobre o asunto para ver se ten ou non razón o Defensor del Pueblo e que, se procede, se inicie a revisión de oficio do procedemento para anular o acto administrativo con todas as súas consecuencias, incluída a responsabilidade patrimonial na que se poida incurrir.

Reitera que non lle ven urxencia á moción e di que o motivo é que xa se fixeron actuacións sobre ese asunto dende o Concello e pregunta aos demais membros do pleno se ven urxencia.

Dona Marta María Saiz García, do Grupo Mixto di que non lle ve urxencia.

D.Jesús López Penabad, do Grupo Popular di que tampouco lle ve urxencia.

Dona Aurora González Ginzo di que ela tampouco é xurista, que o Defensor del Pueblo terá un equipo xurídico para facer eses informes. Explica que di que hai indicios baseándose nos argumentos do Defensor del Pueblo e que, se ao equipo de goberno tamén lle preocupou, debe ser por algo. Indica que descoñece as funcións do Defensor del Pueblo, que non sabe se pode iniciar actuacións ou se soamente pode facer recomendacións.

Rematada a deliberación sobre a urxencia da Moción, sométese a votación rexeitándose a urxencia da mesma por quince abstencións (dos membros dos Grupos BNG, PP e Mixto) e dous votos a favor do Grupo Municipal do PSG-PSOE.

ROGOS E PREGUNTAS.-

DO GRUPO DE CIDADÁNS-MIXTO.-

Dona Marta María Saiz García manifesta que non ten nin rogos nin preguntas.

DO GRUPO DO PSG-PSOE.-

Dona Aurora González Ginzo fai unha chamada á calma nos Plenos e dille ao Sr. Alcalde que lle parece que él se toma as cousas a título persoal; opina que hai un ambiente bastante cordial e relaxado a maior parte do Pleno, pero que hai veces nas que o Sr. Alcalde usa un tono máis violento; pídlle que se leven ben entre goberno e oposición, xa que todos traballan polo mesmo.

O Sr. Alcalde resposta que nin lle acepta nin lle rexeita o rogo; que cada un ten a súa forma de expresarse e que él, ao xa levar tempo no posto, di o que pensa sen andar a medias tintas. Di que ao ter maioría absoluta podían non dar conta de moitas cousas, pero que sí que o fan, como por exemplo cando os chamaron polo asunto do PEPRICH.

Indica que lle da rabia que se digan moitas veces no Pleno cousas alegremente, pero que despois se actúe doutra forma e que non lle gusta que haxa dobre moral.

Manifesta que hai moitas cousas que se debaten no Pleno que lle fan alucinar, pero que reserva esa opinión para a súa vida privada e non o di aí por ser respetuoso. Opina que ao mellor o que pasa é que non gustan as aseveracións, xa que os plenos son así e nos parlamentos tamén hai certos debates.

Explica que cos membros do Pleno, fora de ahí, ten unha relación cordial, con unhas máis ca outros debido á confianza, pero que non ten problema con ninguén; que non o fai por ofender, que debate, e que lle gusta que se digan as mesmas cousas no Pleno e fóra; que cando non é así se enfada e é a súa forma de exteriorizalo.

Dona Aurora González Ginzo, referente aos recibos de IBI que lle están a chegar aos veciños,

indica que se están a liquidar candidades dende o ano 2012 ata o 2015 pola regularización que fixo o Catastro. Di que lle parece que hai un erro, xa que 2012 e 2013 están prescritos. Sobre 2014 e 2015 di que ten dúbidas, xa que non sabe se se poden acreditar esas diferencias de valor.

D. Vicente Castro Reigosa explica que a revisión catastral foi feita pòla Dirección Xeral do Catastro. Dille que os temas que plantexa son temas regulados por lei, que el non pode asegurar se ela ten razón ou non, e que a recaudación está delegada do Servizo Provincial de Recaudación; indica que as notificación proveñen da Dirección Provincial do Catastro en Lugo; di que debe ser o Catastro quen indique se prescribeu ou non e que por parte do Concello se está a prestar información aos cidadáns.

Di que descoñece o sistema que ten o Catastro para este asunto ou como realiza as revisións, que hai anos traballou neste tema e que é un tema pouco riguroso. Explica que xa houbo conflitos coa revisión nos anos 80, que mellorou o sistema informático, pero que non melloraron o xeito de facer o traballo. Entende que os problemas que hai derivan diso.

Dona Aurora González Ginzo dille que ela non estaba a preguntar iso e explícalle que o rogo consiste en pedirles que comproben se eses exercicios están ou non prescritos e se hai base legal para liquidar un exercicio anterior á comprobación de valores, cando esa comprobación non se pode trasladar a exercicios anteriores porque no momento da revisión era descoñecida.

O Sr. Alcalde contéstalle que toman nota.

Dona Aurora González Ginzo, referente á data dos Plenos ordinarios, di que ao mellor se debería propor outra data na que podan asistir todos os Concelleiros, xa que dende que comezou a lexislatura nunca se cumpreu coa mesma. Di que todos teñen ocupacións e precisan saber da data do pleno para poder organizar a súa vida e obrigas.

O Sr. Alcalde respota que non incumpren nada, que están a cumprir escrupulosamente o regulamento que teñen aprobado, o cal lles da marxe para mover a data. Indica que ademáis se está a convocar o Pleno cunha semana de antelación, e non cos dous días mínimos que fixa a lei, polo que hai tempo de sobra para saber cando son os Plenos.

Explica que o motivo de cambiar as datas é que hai asuntos que teñen unha longa tramitación e que non están pechados para a data prevista, e que a él non lle gusta facer plenos baleiros.

Continúa a concelleira no uso da palabra indicando que este Pleno foi convocado o luns, pero que na comisión se lle indicou que o Pleno ía ser o xoves; opina que están dentro da legalidade, pero segue mantendo a súa postura.

O Sr. Alcalde dille que actuaron dentro da legalidade

Dona Aurora González Ginzo di que se convocou o 21 de marzo e que hoxe é 23, pero que á marxe da legalidade se comentou outra cousa na comisión

O Sr. Alcalde di que dixo que posiblemente sería ese día, pero que non o asegurou. Explica que, salvo este último, o resto foron convocados con máis de dous días de antelación; reitera que se está a cumprir a legalidade e explica que modificaron o horario do pleno para facilitar que xente que traballa no comercio puidera asistir.

Intervén o concelleiro D. Vicente Castro Reigosa e manifesta que hai que ter en conta que agora os sábados non son días hábiles, polo que dende a comisión ata o Pleno aumenta un día máis; aclara que o motivo de retrasar a data dun pleno é para que poida entrar nel un asunto que, de cumprirse a data, quedaría fora, retrasando a tramitación nun mes.

A concelleira Sra. González Ginzo indica que ve moi necesario un regulamento de participación cidadá, xa que lle parece que é importante que os veciños e as asociacións teñan voz no Pleno. Di que ve que atenden ás persoas que teñen contacto directo co Alcalde, pero que os demáis tamén deberían ter esa oportunidade de trasladarlle a todos os asuntos de interese que lles preocupan; opina que o Sr. Alcalde lle vai a contestar o mesmo que nas outras preguntas.

O Sr. Alcalde respota que todas as asociacións están capacitadas para facer preguntas para que se plantexen no Pleno e que hai unha temporada que non o fan. Explica que durante o mandato anterior era raro o Pleno no que non se presentasen preguntas.

Dona Aurora González Ginzo manifesta que non se refire ás preguntas se non, como por exemplo, ao texto que leu hoxe da asociación de vítimas do ALVIA, prestándolles a súa voz porque eles non podía falar no Pleno; opina que estaría ben que as asociacións puidesen falar no Pleno e que estaría mellor que lesen eles a carta.

O Sr. Alcalde tamén opina que estaría ben que a lesen e que estudarán o tema para ver que poden facer.

A Sra. González Ginzo indica que tamén lles parece preciso grabar os plenos e colgalos na sede electrónica, xa que a pesar de ser exhaustivas as actas do pleno, creen que é preciso un documento fiel do que pasa no Pleno para ter a disposición das persoas que non poden acudir ao mesmo. Tamén pregunta se os Concelleiros poden ter acceso ás grabacións dos audios dos Plenos.

O Sr. Alcalde explica que as grabacións son documentos auxiliares de traballo, non os definitivos; que iso é como pedirle un borrador manuscrito dun funcionario.

O Sr. Secretario dille que se quere poden pedir permiso a Alcaldía para grabar o Pleno por medios propios.

Dona Aurora González Ginzo manifesta que non entende a diferenza entre grabar eles mesmos o Pleno e poder oír as grabacións feitas polo equipo de Goberno, xa que agora hai facilidades para duplicar contidos dixitais. A continuación pide permiso para grabar eles os Plenos.

De seguido fan un receso para que as persoas da Asociación de Vítimas do ALVIA poidan sacar unha foto co equipo de goberno e poder marchar.

Dona Aurora González Ginzo, refírese a continuación ás zonas de esparcemento para os cans, di que na Praia dos Bloques están tapados os sinais de prohibición de cans e que moitos donos están a baixar cos cans á mesma, deixando a zona bastante cocha; insiste na necesidade de que no concello preparen zonas para levar os cans, para así identificar onde hai que limpar, e facer unha campaña apra concienciar aos donos para que recollan os excrementos.

Tamén propón a creación dun punto limpo de tratamento ecolóxico de residuos para autocaravanas nalgún dos aparcamentos. Explica que o gasto rondaría os 3.000 € e que sería interesante que os propietarios das caravanas se quedasen por Ribadeo e puidesen usar os aparcamentos habilitados en verán, xa que farían gastos nos establecementos ribadenses.

A continuación pregunta si se pode instar ao SERGAS para que repare os desperfectos que hai no centro de saúde.

O Sr. Alcalde dille que acepta o rogo e mirarán o que se pode facer. Respecto do rogo das caravanas di que tamén o mirarán pero que xa o estudaran fai tempo; explica que tamén existe outro punto preto do supermercado Eroski.

A Sra. González Ginzo di que xa o sabe, pero que sería para ampliar o servizo, porque así ao mellor están máis tempo en Ribadeo.

O Sr. Alcalde reitera que o estudarán, pero que fai tempo o miraran e o sitio era inviable.

Don Vicente Castro intervén e manifesta que é complicado ubicalo nos aparcamentos provisionais, xa que teñen tendencia a quedarse e a Policía Municipal non pode actuar nese caso.

Referente á zona de esparcemento de cans, o Sr. Alcalde explica que se están estudando posibles ubicacións, pero que é moi complicado, xa que os donos dos cans non a queren lonxe e os que non teñen cans non a queren céntrica. Manifesta que en breve poderán traer unha proposta.

Dona Aurora González refírese agora á lancha de Protección Civil e indica que está a intemperie e que sería preciso protexela para que non se deteriore.

Resposta a concelleira delegada Sra. Ermida Igrexar que xa teñen pedidos presupostos respecto a ese tema.

Dona Aurora González Ginzo refírese a que cando se convocou a praza de ordenanza o seu grupo presentou un recurso debido a que entenden que primeiro se deberían cubrir as prazas de funcionarios interinos que entraron no Concello fai tempo, xa que según a lei un interino que entra para cubrir con carácter de urxencia unha praza vacante de funcionario de carreira se ten que convocar na seguinte oferta de emprego público antes que ningunha.

Explica que o seu recurso foi desestimado e que hai un informe do Secretario, respecto da praza que eles opinaban que se tiña que convocar na oferta de emprego público 2016, que é a de Técnico de xestión de admón. xeral, indicando que hai outras prazas de interinos do ano 2008.

O Sr. Alcalde di que o decreto respecto a iso o teñen todos os concelleiros e que ahí están todos os argumentos tanto do PSOE como da Alcaldía asistida polos argumentos dos técnicos nos que se baseou para desestimar o dito recurso de reposición.

A Sra. concelleira interpelante pide desculpas e di que non veu ese decreto e comenta, referente a este tema, que na RPT do presuposto do 2017 ven que hai 3 prazas de funcionarios en interinidade: a de técnico de xestión, un auxiliar administrativo e unha de aparelador. Pregunta polo motivo de cobertura destas prazas como interinos; explica que saben que a de técnico foi debido a unha vacante que había que cubrir con carácter urxente, pero que descoñece os motivos da praza de auxiliar de aparelador.

O Sr. Alcalde dille que non existe ningunha plaza de auxiliar de aparelador.

Dona Aurora Gonzalez aclara que se refire á de auxiliar administrativo e á de aparelador. Que hai 3 funcionarios interinos

O Sr Alcalde indica que hai mais postos interinos, non só eses, e explica que o motivo das interinidades é que o Estado non deixa convocar prazas definitivas.

Dona Aurora González di que a de Técnico de xestión foi, ademáis de por non deixar o Estado, por unha vacante de urxente cobertura. Explica que a lei contempla outros movitos para cubrir as prazas con interinidades e pregunta se recorda cales foron os motivos para cubrir as prazas.

O Sr. Alcade di que non recorda os motivos da praza de aparelador, que debe haber dez ano diso, que puido ser por si se redifinía esa área, pero que non se acorda. Respecto da praza de auxiliar administrativo indica que ao non poder cubrirse as prazas de funcionarios de carreira ou se cubre de forma interina ou non se cubre.

Insiste a Sra. concelleira en que hai tres prazas de interinos que non se convocaron con carácter de funcionario de carreira cando se debería facer. Pregunta se é preciso un aparelador a media xornada, xa que noutros concellos da Mariña non teñen tanto persoal técnico.

O Sr. Alcalde dille que o aparelador está a xornada completa, non media xornada, e opina que sí son precisas as prazas de arquitectos e de aparelador. Aclara que con eses tres postos aínda non dan cuberto todo o traballo que hai no Concello de Ribadeo. Explica que, por exemplo, o aparelador informa sobre os traballos que se fan relacionados coa madeira e que Ribadeo é o único concello da Mariña onde se fai o dito traballo.

Puntualiza que ademáis, noutros concellos contratan moitos traballos externos, pero que en Ribadeo eses traballos os fan os técnicos municipais.

Dona Aurora González formula unha nova pregunta relativa a que fai tempo preguntou nun Pleno se o Concello cumpría a normativa respecto do número de prazas de aparcamento para minusválidos e pregunta se xa miraron ese tema. Indica que debe de haber por cada 40 prazas ou fracción e ten que haber unha de discapacidade.

O Sr. Alcalde di que non recorda que lle fixese unha pregunta tan exacta respecto dos aparcamento de minusválidos. Di que recorda que lle preguntara se podían poñer máis prazas, pero non se se cumpría ou non. Indica que non sabe se se cumpre pero que él intenta crear prazas dese tipo, debido á suxerencia da policía municipal e de COGAMI.

Pregunta a Sra.concalleira se estaba habilitado o aparcamento de pago na praza de abastos no ano 2014.

O Sr. Alcalde contéstalle que si.

Dona Aurora González manifesta que hai un punto na normativa reguladora da tarxeta de estacionamento para persoas discapacitadas que indica que nas zonas de pago os discapacitados non están obrigados a pagar. Indica que fala disto porque o Sr. Alcalde nun pleno indicou que se multara a unha persoa con tarxeta de estacionamento por aparcar na praza sen pagar, xa que entendía que debía pagar.

O Sr. Alcalde contesta que nese momento contestou o que lle dixo a policía municipal. Indica que revisarán ese decreto. Explica que no seu momento se interesou polo tema porque houbo unha queixa xa que se multou a unha persoa de Madrid por aparcar en zona de pago e non pagar, e que o Xefe da Policía dixo que cada sitio tiña a súa normativa. Di que lle trasladarán o asunto á Policía local.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO POPULAR.-

D. José María García Suárez manifesta que noutro Pleno falon dos pasos de peóns que están despintados. Explica que o outro día casi houbo un atropelo nun deses pasos.

Don Vicente Castro, concelleiro delegado, di que xa o revisaron e mandaron dar unha man de pintura.

O mesmo concelleiro do Grupo Popular manifesta que ninguén os pintou e que so queren recordalo, xa que os de aquí saben da existencia dos pasos pero os de fora non.

Intervén o concelleiro do mesm Grupo Sr. Estevez Fernández e manifesta que a Asociación de Veciños de Santiago de Couxela presentou por rexistro unha queixa pola pouca presión que teñen na auga.

O Sr. Alcalde resposta que xa son conscientes do problema e que pediron informes á empresa adjudicataria para ver se era posible melloralo, pero que as veces as cousas non son tan fáciles como pensan os veciños. Indica que están estudando o asunto.

D. José Juan Estevez Fernández, refírese ao Hospital-Asilo e pide que se intente solventar o tema das obras de mellora que están pendentes de facer no edificio.

O Sr. Alcalde dille que se está solventando. Explica que teñen un escrito da Xunta de Galicia do ano 2011 cunhas medidas que lle indican que hai que cumprir, pero que falando con técnicos da Xunta lles indicaron que ese informe non era válido. Indica que as melloras ás que se refire o Sr. Estévez veñen dese informe do cal hai inspectores que din que non vale de nada.

Comenta que preguntou o que debían facer e que a resposta foi que agardasen porque ía cambiar a normativa en breve. Di que xa levan esperando 5 meses por esa normativa e que cando cambie a norma van a intentar cumprila ao completo. Explica que van a seguir mellorando o edificio porque a súa vocación é que siga ahí.

O Sr. Estévez Fernández di que non sabe que ten que ver a normativa co sentido común, xa que a escaleira de incendios é necesaria.

O Sr. Alcalde contéstalle que ten que ver coa normativa de Patrimonio, xa que para facer unha escaleira de incendios tal e como lles din o inspector dixo que non cumpría, o cal suporía un custo moi elevado no caso de facela e que non pase a inspección.

O Sr. Estévez pregunta se o tellado tampouco vai pasar a inspección.

O Sr. Alcalde explica que para facer todas as obras hai que facelas en conxunto nun proxecto.

O Sr. Estévez pregunta polas obras menores internas.

O Sr. Alcalde contéstalle que cando son pequenas acude a brigada de obras para facer os arranxos, pero cando son susceptibles de ir incorporadas nun proxecto, que se deben facer todas en conxunto. Reitera que está a esperar que cambie a normativa.

Dille ao Sr. Estévez que se ten tanto interese nas obras, que lle diga ao equipo de goberno da Xunta que cambien dunha vez a normativa.

O Sr. Estévez di que él non manda nada.

Intervén o concelleiro don Xosé Farruco Graña e dille que llo pode propoñer á Xunta nunha moción que se consigue o obxectivo mediante a moción se apuntaría un tanto.

Intervén a continuación o concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad que manifesta que entende que se intentan pagar en prazo todas as subvencións, pero que a da SD Ribadeo correspondente ao 2015 está sen recibir. Explica que é coñecedor dos gastos desa entidade e opina que lle parece abusivo o retraso de dous anos no pago.

Don Vicente Castro Reigosa, concelleiro delegado manifesta que no informe da liquidación de 2016 veñen motivados dende Intervención os poucos medios que existen.

Refírese o mesmo concelleiro Sr. López Penabad ao asunto das vespas velutinas e indica que agora tan en época que as raiñas saen do niño e pregunta quen é o encargado en Ribadeo deste tema.

O Sr. Alcalde contéstalle que a situación de Ribadeo é alucinante. Explica que eles de boa fe colaboraban, pero que polo feito de colaborar cargan todo o traballo; indica que os encargados son protección civil, que é un grupo de voluntarios que vai se pode, e unha asociación de voluntarios que se constituíu fai pouco tempo, que tamén van se poden.

Explica que ao decir o Concello de Ribadeo que era colaborador, automáticamente deixaron de chamar a TRAGSA e aos bombeiros, de xeito que se carga todo o traballo en Protección Civil e na asociación Os Abelleiros. Di que os Abelleiros lle pediron que os deixasen en paz e os sacasen de colaboradores, xa que a pesar de facer ese traballo teñen que oír as queixas da xente. Aclara que nos concellos non adiridos o que fai o traballo é TRAGSA

Indica que dende o Concello intentaron facer unha pértega e que se fixeron campañas, que nin eles nin protección civil se negaron a colaborar, pero que os voluntarios van se poden e que non é un servizo inmediato.

D.Jesús López Penabad pregunta se eses voluntarios recibiron material.

D. Vicente Castro contesta que o Concello é colaborador en base a un material que lles deron, pero que non lles entregaron nin a cuarta parte do prometido. Explica que o ano pasado non lles deron nada, que el chamou á Dirección Territorial de Medio Ambiente, que lle deron a razón e lle contestaron que iso era o que había.

Indica que tamén sacaron na prensa que a Xunta pagaba 50 € aos GES por cada niño que sacaran; di que por ese motivo estouparon os de Protección Civil, xa que eles traballaban gratis e aos outros lles pagaban, e pararon de facer o traballo.

Di que o Concello ten un convenio cos Abelleiros para colaborar na retirada de niños e na prevención e que gracias a iso se traballou algo.

O Sr. Alcalde reitera que a asociación Os abelleiros estan molestos porque a pesar de facer o traballo teñen que aguantar as queixas da xente.

Don Vicente Castro di que o máis grave é que a xente pense que os abelleiros están obrigados a retirar os niños, e di que se está a falar dun número alto, que o ano pasado sacaron 120 niños.

O Sr. Alcalde manifesta que na Mariña están ata arriba, que os medios que teñen son poucos e que ademáis doe moito que a unhos lles paguen e a outros non.

Don Vicente Castro di que acabaron de reventar todo ao non pagarlle a Protección Civil e si pagarlle a outros.

D.Jesús López Penabad di que hai Concellos que pediron aprazamento, e pregunta se saben algo diso.

O Sr. Alcalde manifesta que hai un teléfono na Deputación e que os técnicos están a ofrecer asesoramento, porque dende fai un mes a Deputación aprobou un regulamento para poder pedir fraccionamento ou aprazamento.

Pregunta o concelleiro que pasa cos que teñen domiciliado respostando o Sr. Alcalde que o exceso extraordinario non o cargan.

D. Vicente Castro di que as liquidacións non as cargan domiciliadas, que son notificacións de cobro para o pago, para ingresar.

D. José Juan Estevez Fernández, concelleiro do Grupo Popular pregunta se poñen o número de conta e o Sr. Castro Reigosa resposta que non.

O mesmo concelleiro Sr. Estevez Fernández pregunta onde se paga respostandose polo Sr. Alcalde que na parte de atrás se indican as contas bancarias.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE